

I. DISPOSICIÓN XERAIS

XEFATURA DO ESTADO

9131 *Real decreto lei 27/2020, do 4 de agosto, de medidas financeiras, de carácter extraordinario e urgente, aplicables ás entidades locais.*

I

Desde que foi declarado o estado de alarma para a xestión de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19 mediante o Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, o Goberno veu adoptando un conxunto de medidas, por un lado, de carácter sanitario e de protección da seguridade das persoas e, por outro, de índole económica, en que, a partir das actuacións e compromisos das institucións europeas, se está definindo un marco de axudas estatais e de reactivación da actividade económica e social.

A situación financeira do subsector das entidades locais pódese cualificar de saneada, con capacidade de xeración de aforro e con superávits sucesivos e continuados desde o ano 2012; en 2019 situouse no 0,31 por cento do PIB nacional, e nunha contía de 3.839 millóns de euros. Por esta circunstancia, e pola necesidade de apoiar colectivos vulnerables, mediante o Real decreto lei 8/2020, do 17 de marzo, de medidas urgentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-19, posibilitouse que as corporacións locais destinasen unha contía global de 300 millóns de euros daquel superávit para financiar gastos de investimento incluídos en servizos sociais e en promoción social e, con carácter excepcional, prestacións de atención primaria e atención á dependencia que veñen recollidas no Acordo do Consello Territorial de Servizos Sociais e do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia, do 16 de xaneiro de 2013, que recolle o Catálogo de referencia de servizos sociais. Aquel importe era equivalente ao do fondo social extraordinario constituído para atender necesidades das comunidades autónomas.

O gasto daquelas actuacións considérase executado en investimentos financeiramente sustentables, polo que non computa na regra de gasto, en aplicación da disposición adicional sexta da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, e da disposición adicional décimo sexta do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo. Aquela contía global individualizouse para cada entidade no 20 por cento do seu propio superávit de 2019, mediante o Real decreto lei 11/2020, do 31 de marzo, polo que se adoptan medidas urgentes complementarias no ámbito social e económico para facer fronte ao COVID-19.

Así mesmo, e no mesmo marco regulador antes citado tanto de estabilidade orzamentaria como de facendas locais, mediante o Real decreto lei 23/2020, do 23 de xuño, polo que se aproban medidas en materia de enerxía e noutros ámbitos para a reactivación económica, permitiuse, como medida de impulso da actividade económica e do emprego, que as entidades locais destinen en 2020, como máximo, o 7 por cento do seu respectivo superávit para financiar gastos de investimento en vehículos eléctricos ou con etiqueta ambiental CERO ou, en última instancia, con etiqueta ECO, e en infraestruturas de recarga para o uso dos vehículos adquiridos, que se destinen á prestación dos servizos públicos de recollida, eliminación e tratamento de residuos, seguridade e orde pública, protección civil, prevención e extinción de incendios e de transporte de viaxeiros.

En definitiva, ata o momento adoptáronse medidas que se dirixiron á utilización do superávit das entidades locais en determinados ámbitos que, debido á actual situación de crise sanitaria, económica e social, se consideraron prioritarios, sen que o gasto financiado con aquel recurso compute na regra de gasto, dentro do marco da normativa de estabilidade orzamentaria e reguladora de facendas locais.

Non obstante, para pechar a aplicación das regras do destino do superávit de 2019, considérase necesario e urxente que se permita, naquel mesmo marco, a plena utilización do dito recurso en 2020. Mesmo, en relación coa execución de proxectos de investimentos financeiramente sustentables financiados co superávit de 2018, cabe posibilitar que, aínda que inicialmente debería concluír en 2020, se amplíe a 2021, debido á suspensión da actividade económica durante o período de vixencia da declaración do estado de alarma e á incidencia que está tendo a crise derivada da situación de emerxencia sanitaria na execución dos contratos que, coa lexislación que os regula, foron subscritos con anterioridade polas entidades locais.

Así mesmo, considérase preciso ampliar a marxe de manobra financeira, fundamentalmente, dos concellos que se encontran con problemas ou situacións de risco financeiro, adoptando medidas no marco dos mecanismos extraordinarios de financiamento e, concretamente, do Fondo de Financiamento a Entidades Locais. Son medidas que se consideran urxentes, en canto poderían permitir a concellos que non presentan unha situación financeira saneada atender, nas súas respectivas demarcacións, necesidades de carácter social ou de apoio a determinados colectivos que xurdiron de xeito extraordinario como consecuencia da pandemia.

Por último, este real decreto lei contén, no seu articulado, medidas que se refiren á participación das entidades locais nos tributos do Estado. Por un lado, á habilitación de crédito para poder executar a totalidade dos pagamentos das entregas á conta correspondentes a este ano 2020, para o que se require un suplemento de crédito que se debe aprobar, pola natureza desta modificación orzamentaria, mediante unha norma con rango de lei, e que, pola urxencia con que se debe instrumentar, debe ser mediante un real decreto lei. E, por outro lado, á inclusión de determinadas normas necesarias para poder proceder ás transferencias a favor das entidades locais polos importes que resulten da liquidación definitiva daquela participación correspondente a 2018 e, noutro caso, para poder aplicar os reintegros a cargo daquelas outras entidades para as que resulten liquidacións de signo negativo.

II

O artigo 12 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, regula a regra de gasto aplicable á Administración central, ás comunidades autónomas e ás corporacións locais. Esta regulación ten a súa orixe no Regulamento (UE) n.º 1175/2011 do Parlamento Europeo e do Consello polo que se modifica o Regulamento (CE) n.º 1466/97 do Consello, relativo ao reforzo da supervisión das situacións orzamentarias e á supervisión e coordinación das políticas económicas.

As entidades locais son, desde o ano 2012, o primeiro nivel de Administración pública que, grazas ao esforzo de consolidación orzamentaria e á positiva evolución do ciclo económico, logra presentar superávit nas súas contas. A Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, establece, no seu artigo 32, que o superávit alcanzado polo Estado, comunidades autónomas e corporacións locais debe ir destinado á redución do nivel de endebedamento neto. En aplicación desta norma, un gran número de corporacións locais alcanzaron unha redución considerable do seu nivel de débeda pública e o saneamento financeiro.

Tendo en conta o esforzo de consolidación realizado, a sólida situación financeira, así como a natureza dos servizos que prestan as corporacións locais, que pola súa relación de proximidade cos cidadáns teñen unha alta capacidade para influír directamente na mellora do seu benestar, estableceuse unha regra especial para o destino do superávit recollido no artigo 32 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril. Así, a disposición adicional sexta desta última, introducida mediante Lei orgánica 9/2013, do 20 de decembro, de control da débeda comercial no sector público, permite, desde o ano 2014, ás corporacións locais que presentan superávit e remanente de tesouraría para gastos xerais positivo, así como un nivel de débeda pública inferior ao límite a partir do cal está prohibido o recurso ao endebedamento e un período medio de pagamento a provedores que non supera o prazo máximo de pagamento establecido na normativa de medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, destinar o seu superávit a financiar investimentos

que deben ser financeiramente sustentables ao longo da vida útil do investimento, e non computar o gasto nestes investimentos para os efectos da aplicación da regra de gasto definida no artigo 12 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, aínda que si para os efectos do cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria.

A disposición adicional décimo sexta do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, desenvolve e define o concepto de sustentabilidade financeira que debe concorrer naqueles investimentos, así como o procedemento e o ámbito obxectivo de aplicación. Esta medida de flexibilidade no destino do superávit aplicouse por vez primeira en 2014 e veuse prorrogando desde entón anualmente ata 2019, ben a través das leis de orzamentos xerais do Estado, ben mediante reais decretos lei.

Circunstancias excepcionais motivaron que non se puidese tramitar a Lei de orzamentos xerais do Estado para o ano 2020, e non foi posible adoptar a prórroga prevista na disposición adicional sexta da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril. Os trámites necesarios relacionados coa iniciación e desenvolvemento do procedemento de execución do gasto requiren duns prazos que fan que, para que a medida poida producir efectos e as corporacións locais poidan executar os investimentos no presente exercicio orzamentario, sexa necesario aprobar de forma inmediata a prórroga da medida prevista na disposición adicional sexta da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, para poder destinar eses recursos de forma urxente á situación económica e social xerada con ocasión da pandemia.

Polo tanto, por razóns de urxencia e de carácter extraordinario, resulta necesario incluír a prórroga nun real decreto lei, como xa se fixo nos dous anos anteriores, no Real decreto lei 10/2019, do 29 de marzo, e no Real decreto lei 1/2018, do 23 de marzo.

Tendo en conta, ademais, que a prórroga da regra especial do destino do superávit podería carecer de operatividade se se exixise, en todo caso, que en 2020 se realizasen as fases do procedemento de execución do gasto de autorización e disposición ou compromiso, considérase necesario non requirir o desenvolvemento desta última no mesmo exercicio, o que non contradí o carácter urxente da presente norma, xa que un bo número de proxectos de investimento requiren o desenvolvemento dun procedemento de contratación que, pola súa natureza e contía, se debe iniciar canto antes co obxecto de que a fase de autorización do gasto se poida concluír no presente exercicio.

En canto ao superávit de 2018, aprobouse a aplicación da regra especial antes citada, posibilitando a súa utilización para dar cobertura a investimentos financeiramente sustentables, mediante o Real decreto lei 10/2019, do 29 de marzo, antes citado, de modo que se requiría que en 2019, como mínimo, se desenvolvese a primeira fase do procedemento de execución do gasto, a súa autorización, e o resto das fases, compromiso ou disposición, recoñecemento da obriga e ordenación do pagamento, se completasen en 2020. Nun bo número de proxectos de investimento, sobre todo de maior envergadura e relevancia financeira, debeuse suspender a súa execución como consecuencia da declaración do estado de alarma, o que dificulta, cando non imposibilita, completar aquelas fases en 2020, cómpre que, con carácter extraordinario, se permita concluílas en 2021, ben que, polo menos, a de compromiso ou disposición se debería desenvolver en 2020, tendo en conta o principio de proporcionalidade da medida, así como en prol dunha maior seguridade xurídica para os contratistas.

III

No marco dos mecanismos adicionais de financiamento das entidades locais regulados na disposición adicional primeira da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, constituíuse o Fondo de Financiamento a Entidades Locais, regulado polo Real decreto lei 17/2014, do 26 de decembro, de medidas de sustentabilidade financeira das comunidades autónomas e entidades locais e outras de carácter económico, configurado en tres compartimentos, os fondos de Ordenación, de Impulso Económico e para o Financiamento dos Pagamentos a Provedores, este último en liquidación.

Nese contexto, o presente real decreto lei introduce medidas que afectan o ámbito obxectivo do Fondo de Ordenación, as operacións de endebedamento concertadas co Fondo en liquidación para o Financiamento dos Pagamentos a Provedores e as operacións de crédito a curto prazo que, con carácter xeral e á marxe daqueles fondos, teñan formalizadas as entidades locais.

Coa ampliación do ámbito obxectivo do Fondo de Ordenación posibilitáse o financiamento das débedas con acredores públicos que se estean compensando mediante retencións da participación en tributos do Estado ou que se estean cancelando mediante acordos de fraccionamento e aprazamento subscritos cos ditos acredores, fundamentalmente, a Axencia Estatal de Administración Tributaria e a Tesouraría Xeral da Seguridade Social. Esta medida vai dirixida a aqueles municipios que se encontran nalgunha das situacións de risco financeiro descritas no artigo 39.1 do Real decreto lei 17/2014, é dicir, que presenten unha situación financeira negativa ou que non se poidan refinar en condicións de prudencia financeira.

Con esa ampliación, os municipios que se encontren nesas situacións e con débedas con aqueles acredores poderán cancelalas e substituílas por préstamos co Fondo de Financiamento a Entidades Locais e poñerse ao día no pagamento das débedas tributarias e coa Seguridade Social, o que é requisito de cumprimento forzoso para que poidan optar a subvencións e axudas doutras administracións públicas, que, na situación de crise actual, poden desempeñar un papel fundamental para non agravar os problemas financeiros que poidan presentar aqueles municipios potencialmente beneficiarios da medida.

Así mesmo, para as entidades locais que presentasen en calquera dos dous últimos exercicios problemas de liquidez ou de solvencia posibilitáse a consolidación de débeda a curto en débeda a longo prazo. Con esta medida, reduciranse as tensións de tesouraría que experimentan, sobre todo, concellos con problemas estruturais, que se manifestan nuns ingresos correntes insuficientes para financiar os seus gastos correntes e a amortización das súas operacións de préstamo ou que presentan remanentes de tesouraría para gastos xerais negativos.

Por último, en canto ás medidas de apoio financeiro, no marco do endebedamento das entidades locais, permítase a cancelación de préstamos que teñan formalizados co Fondo en liquidación para o Financiamento dos Pagamentos a Provedores mediante a súa substitución con préstamos que poidan formalizar con entidades de crédito, e poderán excluírse da condicionalidade derivada dos plans de axuste as entidades locais que estean saneadas financeiramente e que, como consecuencia, estean cumprindo as regras fiscais en varios exercicios consecutivos e, polo tanto, se poida considerar consolidada a senda de corrección dos desequilibrios que presentaron cando se aprobaron aqueles plans.

Todas estas medidas son de carácter extraordinario e urxente, pois permiten ás entidades locais cunha situación financeira que presenta debilidades ou desequilibrios non corrixidos poder atender de forma inmediata e urxente as necesidades económicas e sociais que de forma extraordinaria se xeraron con ocasión da pandemia.

IV

O proxecto de lei de orzamentos xerais do Estado veu configurando o instrumento ordinario para actualizar a participación das entidades locais nos tributos do Estado. Non obstante, tanto en 2019 como en 2020, de acordo co previsto no artigo 134.4 da Constitución española activouse a situación de prórroga automática dos orzamentos xerais do Estado a partir do 1 de xaneiro de cada un daqueles anos, e continúa actualmente, despois de transcorrer xa gran parte do exercicio corrente 2020.

Naquela situación de prórroga orzamentaria, o Real decreto lei 13/2019, do 11 de outubro, regulou a actualización extraordinaria das entregas á conta para 2019 tanto das comunidades autónomas de réxime común como das entidades locais, o que permitiu adoptar un axuste técnico de carácter extraordinario para a defensa do interese xeral e evitar os graves prexuízos que a ausencia de medidas aprobadas pola canle ordinaria da lei de orzamentos xerais do Estado provocaría nas administracións territoriais e permitiu

trasladar ás entidades locais o incremento dos recursos derivados da diferenza do previsións, entre a elaborada para o ano 2018 e a elaborada para 2019, ao eliminar os efectos das medidas tributarias recollidas no proxecto de Lei de orzamentos xerais do Estado para o ano 2019, e ao considerar exclusivamente o incremento de recadación previa á cesión de impostos estatais, que son determinantes do financiamento local.

De conformidade co Acordo do Consello de Ministros do 21 de xaneiro de 2020, mantéñense en 2020 as contías das entregas á conta de 2019 correspondentes a todas e cada unha das entidades locais incluídas no ámbito subxectivo de aplicación dos modelos de participación nos tributos do Estado, pero os créditos destinados a dar cobertura financeira ás transferencias en que se materializan aquelas entregas e que se están xestionando son os recollidos nos orzamentos xerais do Estado para o ano 2018 prorrogados, que son inferiores ás necesidades orzamentarias, polo que, ao igual que aconteceu en 2019, se require a aprobación de suplementos de crédito para adaptar os créditos de gasto que instrumentan as entregas á conta a través da sección 36 dos orzamentos xerais do Estado para poder atender o seu pagamento.

Así mesmo, en 2020 é preciso calcular a liquidación definitiva da participación das entidades locais nos tributos do Estado correspondente a 2018. A dita participación régulase nos artigos 111 a 126, polo que se refire aos municipios, e 135 a 146, polo que se refire ás provincias e entidades análogas, do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo. Os ditos preceptos desenvólvense anualmente nas respectivas leis de orzamentos xerais do Estado. Como queira que non se aprobou a correspondente a 2020, deben recollese determinadas regras para o cálculo daquela liquidación que non encontran cobertura na Lei de orzamentos xerais do Estado para o ano 2018. Este é o obxecto do presente real decreto lei, que non altera o réxime financeiro actual das entidades locais, en canto aquelas regras son de aplicación reiterada en cada exercicio.

V

Nun escenario en que as entidades locais están soportando tipos de xuro negativos polos saldos dispoñibles en contas e depósitos bancarios da súa titularidade, posibilitase que os concellos, deputacións provinciais e consellos insulares se comprometan voluntariamente a poñer á disposición da Administración xeral do Estado recursos financeiros por importe equivalente aos remanentes de tesouraría para gastos xerais nos termos definidos neste real decreto lei en 31 de decembro de 2019.

A posta á disposición da totalidade do dito importe materializarase na remisión ao Ministerio de Facenda, ata o 15 de setembro de 2020, dun compromiso firme, vinculante e irrenunciable, de transferir eses recursos á Administración xeral do Estado, compromisos que estarán vixentes ata o 31 de decembro de 2021. Nese período a Dirección Xeral do Tesouro e Política Financeira requirirá ás entidades locais que lle presten os recursos comprometidos.

A operación terá carácter de préstamo das entidades locais á Administración xeral do Estado polo importe total citado no punto anterior e materializarase, nun acto único, cando a Administración xeral do Estado reciba os fondos na conta que determine a Dirección Xeral do Tesouro e Política Financeira, da Secretaría Xeral do Tesouro e Financiamento Internacional, sen que se requira formalizar os préstamos, que terán a consideración de débeda do Estado conforme a Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria.

A Administración xeral do Estado amortizará o préstamo nun prazo máximo de quince anos, a partir de 2022. As condicións financeiras desta operación fixaranse logo da consulta á asociación de ámbito estatal con maior implantación representativa das entidades locais, que se realizará nun prazo que finalizará o 7 de agosto de 2020, e aprobarase, en calquera caso, por resolución da Dirección Xeral do Tesouro e Política Financeira, que se publicará non máis tarde do 20 de agosto de 2020. A partir de entón, as entidades locais poderán decidir adherirse mediante a remisión dos compromisos de disposición de recursos financeiros a favor da Administración xeral do Estado.

O tipo de xuro anual que se determine para os ditos préstamos non poderá superar o custo equivalente de financiamento da débeda do Estado, e incluírán no cálculo os custos financeiros e doutra natureza asociados ás operacións en que incorra a Administración xeral do Estado.

Por outra parte, a Administración xeral do Estado dotará un crédito extraordinario para a recuperación económica e social por un importe equivalente, como mínimo, ao 35 por cento dos recursos comprometidos polas entidades locais, sen que poida exceder un importe máximo total de 5.000 millóns de euros. Con cargo ao dito crédito, no prazo dun mes contado a partir da recepción dos compromisos das entidades locais, realizaranse transferencias correntes a aquelas entidades locais, en proporción aos recursos comprometidos. As transferencias destinaranse a que as entidades locais financien actuacións nas áreas de axenda urbana e mobilidade sustentable, coidados de proximidade e cultura. A Administración xeral do Estado materializará as ditas transferencias en 2020 polo 40 por cento das achegas comprometidas polas entidades locais, ata un máximo de 2.000 millóns de euros, e en 2021 polo 60 por cento restante, ata un máximo de 3.000 millóns de euros.

Tamén se habilita un crédito extraordinario nos orzamentos xerais do Estado co obxecto de dotar de maior financiamento as entidades locais para facer fronte ao déficit extraordinario motivado polo COVID-19 nos servizos de transporte público da súa titularidade, por un importe inicial de 275 millóns de euros, que podería ascender a 400 millóns de euros no caso de que sexa necesario e de que exista unha plena xustificación a partir dos certificados que emitan os titulares dos órganos de intervención das entidades locais. O déficit extraordinario a que se fai referencia é o que deriva do estado de alarma e ata o final de 2020 e o financiamento establécese nunha contía equivalente ao 33 por cento dos ingresos anuais por tarifa dos servizos de transporte nun ano de referencia.

Pecha o paquete de medidas de aplicación ás entidades locais a posibilidade, excepcional, que se habilita, de utilizar o seu superávit de 2019 ou o remanente de tesouraría para gastos xerais, se é superior, para financiar gasto de 2020, sempre que manteñan o equilibrio orzamentario no momento do peche deste exercicio.

En apoio a municipios con problemas de liquidez ou que se encontren en risco financeiro establécese a necesaria colaboración das deputacións provinciais e entidades equivalentes, no marco das súas competencias propias reguladas no artigo 36 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e, concretamente, en materia de asistencia económica aos municipios do seu ámbito territorial e, especialmente, aos de poboación inferior a 20.000 habitantes, para o cal se articulan dous instrumentos: a posibilidade de formalizar préstamos ou concertar operacións de crédito cos concellos que presenten aforro neto ou remanente de tesouraría negativo no momento do peche do exercicio de 2019, así como a de realizar, con cargo ao superávit de 2019, transferencias correntes, de carácter finalista, aos concellos citados, que se considerarán excepcionalmente en 2020 como investimentos financeiramente sustentables e non computarán en regra de gasto.

Para completar ese marco de apoio a aqueles concellos, establécese un mandato para que se realice, antes do peche de 2020, un estudo para a posible revisión das condicións financeiras dos préstamos formalizados co Fondo de Financiamento a Entidades Locais, e a Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos poderá acordar a modificación daquelas operacións e a condicionalidade fiscal, co obxecto de paliar os efectos derivados da pandemia e de posibilitar o saneamento financeiro daquelas entidades locais.

VI

O real decreto lei permite ás deputacións forais do País Vasco e aos cabidos insulares de Canarias aplicar en 2020 o superávit orzamentario, en termos de contabilidade nacional no momento do peche do exercicio 2019, para compensar a redución de ingresos correspondentes a impostos estatais concertados conforme o concerto económico coa Comunidade Autónoma do País Vasco e a impostos que conforman o bloque de

financiamento canario, de acordo co réxime económico e fiscal das Canarias (imposto xeral indirecto canario e o arbitrio sobre a produción e importación nas illas Canarias), derivada da crise sanitaria polo COVID-19, sen que aquelas administracións públicas poidan incrementar o seu endebedamento neto no momento do peche de 2020.

A reforma do artigo 135 da Constitución, do 27 de setembro de 2011, recolleu taxativamente o principio de equilibrio orzamentario na súa aplicación ás entidades locais, que foi recollido, pola súa vez, no artigo 11.4 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril. Así mesmo, aquel precepto constitucional recolle mencións aos límites de débeda das administracións públicas, que tamén foron obxecto de desenvolvemento naquela lei orgánica. Así mesmo, en relación con ambas as regras fiscais, estabilidade orzamentaria e débeda pública, o artigo 135.5 da Constitución dispoñía que unha lei orgánica regularía, en todo caso, a forma e o prazo de corrección das desviacións que, respecto daquelas regras, se puidesen producir. Unha medida de corrección veu conformada polos plans económico-financeiros definidos e regulados no artigo 21 da citada Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril.

Non obstante, a regra de gasto introduciuse directamente mediante esta última norma que, na súa exposición de motivos, a relacionou coa normativa europea, en virtude da cal o gasto das administracións públicas non poderá aumentar por riba da taxa de crecemento de referencia do produto interior bruto. E foi a dita lei orgánica a que incluíu a medida correctiva dos plans económico-financeiros nos casos de incumprimento da regra de gasto. Así mesmo, a Comisión Europea remitiu o 20 de marzo de 2020 unha comunicación ao Consello da UE, na cal expresaba que, ante a esperada recesión económica a resultados do gromo de COVID-19, se dan circunstancias para activar a cláusula xeral de salvagarda do Pacto de estabilidade e crecemento. Nesta comunicación, a Comisión solicitou ao Consello que apoiase esta conclusión, referendo que se produciu o 23 de marzo de 2020.

En definitiva, das tres regras fiscais, as de estabilidade orzamentaria e de débeda (e a súa medida de corrección concretada nos plans económico-financeiros) teñen a súa orixe nun precepto constitucional e a regra de gasto (e a súa medida de corrección concretada nos mesmos plans) na Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, que, pola súa vez, conecta coa normativa europea que, na actualidade, permite a activación daquela cláusula.

Por outra parte, o subsector de corporacións locais, dentro do conxunto das administracións públicas, está a presentar superávits continuos desde o ano 2012, con fortes amortizacións de débeda pública que derivaron, pola súa vez, ao cumprimento reiterado dos límites de débeda aplicables a aquel subsector. Como consecuencia desa situación, xeraron crecentes remanentes de tesouraría que constitúen unha fonte básica de financiamento das modificacións de crédito que se aproban nun exercicio orzamentario e que, en boa medida, son un factor relevante que pode contribuír ao incumprimento da regra de gasto e á existencia de plans económico-financeiros. Na situación actual de pandemia é altamente probable que as entidades locais saneadas se vexan obrigadas a utilizar aqueles remanentes de tesouraría para paliar os efectos negativos que aquela provoca.

Considerando canto antecede, resulta necesario eximir da presentación do plan económico-financeiro as entidades locais que cumpran co obxectivo de estabilidade orzamentaria e cos límites de endebedamento segundo o réxime de autorización destas operacións contido na lexislación reguladora das facendas locais.

Por outra parte, o anuncio efectuado pola UEFA de que a candidatura formada polas cidades de Bilbao e San Sebastián resultou elixida para albergar nelas a final da «UEFA Women's Champions League 2020» require a regulación dun réxime fiscal específico.

A incorporación de tal réxime ao dereito positivo mediante este real decreto lei xustifícase pola proximidade das datas en que tal evento se celebrará, cuxo anuncio se coñeceu con pouca anticipación, e a necesidade de que cunha antelación suficiente se dispoña do marco tributario que resultará de aplicación, en prol do principio de seguridade xurídica, de xeito que concorre a extraordinaria e urxente necesidade que, como presuposto habilitante da figura do real decreto lei, establece a Constitución española.

Por outra parte, mantense ata o 31 de outubro de 2020 a aplicación dun tipo do cero por cento do imposto sobre o valor engadido ás entregas interiores, importacións e adquisicións intracomunitarias de material sanitario para combater o COVID-19, cuxos destinatarios sexan entidades públicas, sen ánimo de lucro e centros hospitalarios que, ata o 31 de xullo de 2020, se regulou no artigo 8 do Real decreto lei 15/2020, do 21 de abril, de medidas urxentes complementarias para apoiar a economía e o emprego. Desta forma, esténdese o seu prazo de vixencia para garantir a resposta do sistema sanitario na segunda fase de control da pandemia unha vez xa iniciado o período de nova normalidade.

Tamén se actualiza, con efectos desde a entrada en vigor do citado Real decreto lei 15/2020, a relación de bens aos cales é de aplicación esta medida.

Para estes efectos, os suxeitos pasivos efectuarán, se é o caso, conforme a normativa do imposto, a rectificación do imposto sobre o valor engadido repercutido ou satisfeito con anterioridade á entrada en vigor deste real decreto lei.

A situación de pandemia internacional e a posterior declaración do estado de alarma, antes descritas, derivaron nunha crise sanitaria sen precedentes e dunha extraordinaria amplitude e gravidade, tanto polo extraordinario risco de contaxio e o alto número de cidadáns afectados, coa conseguinte presión sobre os servizos sanitarios, como polo elevado custo social e económico derivado das medidas extraordinarias de contención e distanciamento adoptadas polos distintos Estados.

Así, a evolución desta situación exixiu a adopción de sucesivas medidas adicionais para facer fronte á pandemia e, neste contexto, o Real decreto lei 19/2020, do 26 de maio, polo que se adoptan medidas complementarias en materia agraria, científica, económica, de emprego e Seguridade Social e tributarias para paliar os efectos do COVID-19, estableceu no seu artigo 9 a consideración como continxencia profesional derivada de accidente de traballo das enfermidades padecidas polo persoal que presta servizo en centros sanitarios ou socio-sanitarios como consecuencia do contaxio do virus SARS-CoV2 durante o estado de alarma.

Conforme o disposto no número 2 do citado artigo 9, estableceuse que esta medida tería lugar con respecto dos contaxios do virus SARS-CoV2 producidos ata o mes posterior á finalización do estado de alarma, aspecto que se acreditará mediante o correspondente parte de accidente de traballo que deberá terse expedido dentro do mesmo período de referencia. Polo tanto, a data de finalización do recoñecemento desta continxencia será o mes de xullo de 2020.

Neste contexto, ante a finalización da vixencia dalgunhas das medidas adoptadas durante o estado de alarma, co fin de garantir a eficaz xestión da dita emerxencia sanitaria, conter a propagación da enfermidade e preservar e garantir a resposta do Sistema nacional de saúde en todo o país, cómpre prorrogar a consideración, como continxencia profesional derivada de accidente de traballo, das enfermidades padecidas polo persoal que presta servizo en centros sanitarios ou socio-sanitarios como consecuencia do contaxio do virus SARS-CoV2, ata que as autoridades sanitarias decreten o levantamento de todas as medidas de prevención adoptadas para facer fronte a esta crise sanitaria.

Así mesmo, inclúense regras especiais aplicables á repartición de dividendos e transmisión de participacións das sociedades adheridas ao Fondo de Apoio á Solvencia de Empresas Estratéxicas, medida que se debe instrumentar de forma urxente debido aos prazos comprometidos coa Comisión Europea para a posta en marcha do dito fondo, creado para facer fronte á delicada situación económica pola que atravesan algunhas empresas estratéxicas como consecuencia da pandemia do COVID-19.

Por outra parte, as competencias que en materia de xogo tiña atribuídas o Ministerio de Facenda foron atribuídas ao Ministerio de Consumo, en virtude dos artigos 2 e 4 do Real decreto 495/2020, do 28 de abril, polo que se desenvolve a estrutura orgánica básica do Ministerio de Consumo e se modifica o Real decreto 139/2020, do 28 de xaneiro, polo que se establece a estrutura orgánica básica dos departamentos ministeriais, salvo a análise e definición da política global en materia tributaria, a proposta, elaboración e interpretación do réxime tributario e a xestión e liquidación das taxas derivadas da xestión administrativa do xogo, segundo dispón o artigo 2.1.f) do Real decreto 689/2020, do 21 de

xullo, polo que se desenvolve a estrutura orgánica básica do Ministerio de Facenda e se modifica o Real decreto 139/2020, do 28 de xaneiro, polo que se establece a estrutura orgánica básica dos departamentos ministeriais. Por iso é necesario modificar a disposición transitoria primeira da Lei 13/2011, do 27 de maio, de regulación do xogo, e as disposicións adicionais segunda e décima da Lei 3/2013, do 4 de xuño, de creación da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, para indicar que as competencias relacionadas coa xestión e recadación das taxas derivadas da xestión administrativa do xogo serán exercidas pola Axencia Estatal de Administración Tributaria.

No ámbito da identificación de solicitantes de certificados electrónicos cualificados, o Regulamento (UE) 910/2014 do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de xullo de 2014, relativo á identificación electrónica e aos servizos de confianza para as transaccións electrónicas no mercado interior e polo que se derroga a Directiva 1999/93/CE, prevé no seu artigo 24.1.d) a posibilidade de que tal verificación se realice utilizando outros métodos de identificación recoñecidos a escala nacional que acheguen unha seguridade equivalente en termos de fiabilidade á presenza física.

Como consecuencia, resulta precisa unha regulación específica no noso dereito nacional dos exixentes requisitos organizativos e de seguridade aplicables a tales métodos.

Para tal fin, atribúese ao Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital, departamento competente para a regulación dos servizos electrónicos de confianza, a habilitación para a determinación de tales condicións e requisitos.

Na súa disposición adicional sexta e na disposición derradeira quinta, este real decreto lei incorpora ao noso ordenamento xurídico os cambios lexislativos introducidos pola Directiva (UE) 2019/692 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de abril de 2019, pola que se modifica a Directiva 2009/73/CE sobre normas comúns para o mercado interior de gas natural, co obxecto de reducir os obstáculos á plena realización do mercado interior de gas natural que derivan da inaplicabilidade das normas do mercado da Unión aos gasodutos de transporte con destino ou orixe en países non pertencentes á Unión Europea. O presuposto habilitante de extraordinaria e urxente necesidade para a utilización do instrumento normativo do real decreto lei xustifícase por canto que a transposición da dita Directiva (UE) 2019/692 vencía o 24 de febreiro de 2020 e para minimizar, deste modo, posibles consecuencias que poidan derivar do incumprimento do dito prazo.

A disposición adicional sexta exceptúa temporalmente, en virtude do artigo 49 bis da Directiva 2009/73/CE, os gasodutos de transporte con orixe en países non pertencentes á Unión Europea rematados antes do 23 de maio de 2019 e que teñen situado en España o seu primeiro punto de conexión coa rede dun Estado membro, por un período de doce meses, do cumprimento das condicións relativas á separación de propiedade das actividades de transporte e comercialización, así como do acceso regulado ás instalacións exixidas na Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos. O prazo para a comunicación das exencións á Comisión Europea, logo da súa aprobación, finalizou o pasado 24 de maio, o que obriga a establecer un procedemento con carácter urxente no ordenamento xurídico nacional. Así mesmo, artículase o mecanismo para a avaliación e aprobación dunha eventual exención de maior duración.

A disposición adicional décima está motivada polos efectos da crise do COVID-19 sobre a demanda e os prezos da electricidade que provocaron unha redución dos ingresos regulados do sistema eléctrico, tanto os provenientes das peaxes de acceso (directamente proporcionais á potencia contratada e enerxía consumida) como os vinculados á recadación dos tributos creados pola Lei 15/2012, do 27 de decembro, de medidas fiscais para a sustentabilidade enerxética, que dependen directamente da cantidade de electricidade consumida e xerada e do valor da dita enerxía no mercado.

Aínda que existen importantes incertezas sobre o efecto final en termos anuais, as estimacións actuais de ingresos e custos regulados aconsellan adoptar medidas tendentes a minimizar as desviacións transitorias dentro do exercicio, que afectan a liquidez dos suxeitos de liquidación, así como os eventuais desaxustes temporais no peche do

exercicio, que provocarían unha suba automática das peaxes e cargos, de acordo co artigo 19 da Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico.

Todas estas circunstancias xustifican a necesidade de incrementar o límite máximo das transferencias ao sistema eléctrico provenientes dos ingresos das poxas de dereitos de emisión de gases de efecto invernadoiro, cos límites do 90 por cento da recadación total e ata un máximo de 1.000 millóns de euros.

A extraordinaria e urxente necesidade desta medida xustifícase polos indesexables efectos que a súa non adopción carrexaría sobre a liquidez dos suxeitos de liquidación do sistema eléctrico e sobre os consumidores de electricidade.

Por outro lado, a axenda da transición ecolóxica socialmente xusta require de anticipación para reducir a vulnerabilidade aos impactos e riscos e reducir emisións. No proxecto de lei de cambio climático e transición enerxética comprometémonos a alcanzar a neutralidade climática antes do ano 2050. Todos os sectores experimentarán grandes transformacións acompañadas de grandes oportunidades de modernización. Ademais, o noso país é un dos «puntos quentes» globais en materia de cambio climático, o que nos leva á necesidade de investir nun país máis seguro e menos vulnerable, incentivando medidas de adaptación que reforcen a nosa capacidade de resposta.

Neste contexto, e en liña co Pacto verde europeo, será necesario priorizar aquelas accións que axudan a reducir os riscos ao tempo que diminúen as emisións de gases de efecto invernadoiro, isto é, medidas integrais que teñen cobeneficios nas dúas vertentes da loita contra o cambio climático. Ademais, é necesario apoiar proxectos emblemáticos de demostración de tecnoloxías innovadoras cun potencial significativo para a descarbonización do sector de xeración eléctrica ou da industria, que conduzan a unha transformación real e de profundidade.

Isto xustifica incrementar o límite máximo das transferencias a actuacións de loita contra o cambio climático provenientes dos ingresos das poxas de dereitos de emisión de gases de efecto invernadoiro, cos límites do 10 por cento da recadación total e ata un máximo de 100 millóns de euros.

Xustifica a disposición adicional décimo primeira a necesidade de formalizar convenios do Instituto Nacional da Seguridade Social coas consellerías de Saúde ou Sanidade das comunidades autónomas ou co Inxesa, como instrumentos que tiveron un impacto moi significativo na racionalización do seguimento e control dunha das prestacións económicas máis relevantes do sistema da Seguridade Social, a derivada de incapacidade temporal, así como do gasto que xera. A tramitación anticipada deles require a non aplicación, para o caso exclusivo destes convenios, do disposto no número 1 do artigo 47 da Lei xeral orzamentaria, no que se refire á necesidade de iniciar a execución do gasto no propio exercicio en que se adquire o compromiso do gasto.

En canto á disposición derradeira sexta, cabe significar que a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, supoñen un cambio fundamental para as administracións públicas en España desde o punto de vista do marco normativo, por canto establecen que a relación electrónica é a vía principal de tramitación dos procedementos administrativos, encamiñada a lograr un modelo de administración transparente, máis áxil e accesible para os cidadáns e as empresas e máis eficiente na súa xestión.

A exixencia dunha adaptación paulatina por parte de todas as administracións públicas do noso país a este novo paradigma administrativo xa foi prevista polo lexislador na disposición derradeira sétima da Lei 39/2015, do 1 de outubro, ao fixar unha data de entrada en vigor posterior á xeral da lei, en concreto o 2 de outubro de 2018, para os preceptos reguladores de determinadas materias que, pola súa transcendencia, efectos prácticos e potencial afectación ao núcleo esencial do exercicio dos dereitos dos interesados na súa relación coas administracións públicas, aconsellaban unha *vacatio legis* máis ampla. Trátase das previsións relativas ao rexistro electrónico de apoderamentos, rexistro electrónico, rexistro de empregados públicos habilitados, punto de acceso xeral electrónico da Administración e arquivo único electrónico.

Esta disposición derradeira sétima da Lei 39/2015, do 1 de outubro, xa foi modificada polo Real decreto lei 11/2018, do 31 de agosto, de transposición de directivas en materia de protección dos compromisos por pensións cos traballadores, prevención do branqueo de capitais e requisitos de entrada e residencia de nacionais de países terceiros, e polo que se modifica a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, cuxo artigo 6 prolongou ata o 2 de outubro de 2020 a data de entrada en vigor das previsións sobre as cinco materias sinaladas, inicialmente prevista para o 2 de outubro de 2018.

A situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19 obrigou durante estes últimos meses as diferentes administracións públicas a priorizar a asignación de recursos humanos e tecnolóxicos ao robustecemento das infraestruturas e medios tecnolóxicos existentes para garantir o seu funcionamento, á prestación dos servizos públicos por parte dos seus empregados de forma non presencial e ao exercicio dos dereitos dos cidadáns e empresas. Esta necesaria priorización dificultou en moitos casos continuar ao ritmo previsto os traballos de adaptación dos procedementos administrativos e o deseño de procesos de xestión óptimos necesarios para o cumprimento, na data prevista na disposición derradeira sétima, de todas as previsións da Lei 39/2015, do 1 de outubro, obxectivo que ten que cumprirse en todo o ámbito subxectivo de aplicación da lei, aproximadamente once mil oitocentos suxeitos diferentes, pois comprende a Administración xeral do Estado, as administracións das comunidades autónomas, as entidades que integran a Administración local e os seus respectivos sectores públicos institucionais nos termos que delimitan ambas as leis.

En definitiva, o risco manifesto desde o punto de vista técnico-organizativo de non concluír o 2 de outubro de 2020 os procesos de adaptación, imposibilidade que pode afectar non só o exercicio dos dereitos dos interesados senón a interoperabilidade do funcionamento de todas as administracións públicas, aconsella ampliar de novo o prazo de entrada en vigor de todas as materias cuxa entrada en vigor estaba prevista para o 2 de outubro de 2020, por un período adicional de seis meses, ata o 2 de abril de 2021, que permita absorber o impacto e o atraso que sufrisen as diferentes administracións públicas no calendario de execución das tarefas que lles competen debido á mencionada reasignación de prioridades e recursos e finalizar así a implantación destes instrumentos básicos do funcionamento das administracións públicas, conforme os principios de eficacia administrativa e garantía dos dereitos dos cidadáns e dos operadores xurídicos e económicos na tramitación dos procedementos administrativos, que precisamente son os principios que persegue a Lei 39/2015, do 1 de outubro.

A disposición derradeira oitava modifica o Real decreto lei 25/2020, do 3 de xullo, na parte que regula o programa de axudas á adquisición de vehículos para a renovación do parque circulante, con criterios de sustentabilidade e sociais, o programa Renove. Estas modificacións aclaran o procedemento de pagamento, modifican a partida orzamentaria e habilitan a entidade colaboradora que xestione o programa para distribuír os fondos aos beneficiarios, e así mellorar a eficiencia do programa e aforrar cargas administrativas. Adicionalmente, precísanse cuestións relacionadas coas obrigas dos beneficiarios en relación co mantemento da titularidade do vehículo nos supostos de operacións *renting*.

Mediante a disposición derradeira novena declárase o carácter ampliable dos créditos orzamentarios consignados no orzamento da Seguridade Social para atender as obrigas do sistema de protección por cesamento de actividade reguladas no artigo 329 do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, así como as reguladas no Real decreto lei 8/2020, do 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-19, e no Real decreto lei 24/2020, do 26 de xuño, de medidas sociais de reactivación do emprego e protección do traballo autónomo e de competitividade do sector industrial, para dar adecuada cobertura orzamentaria aos correspondentes gastos, xa que non será o crédito orzamentario asignado o que vai determinar o montante das obrigacións que se contraian, senón que as prestacións que amparan estes gastos serán as que determinarán o montante do crédito final.

VII

Este real decreto lei consta de dezaseis artigos distribuídos en tres títulos, once disposicións adicionais, unha disposición derogatoria única e catorce disposicións derradeiras.

O primeiro título consta de nove artigos e refírese á aplicación da regra especial do destino do superávit das entidades locais para financiar investimentos financeiramente sustentables, a actuacións relativas ao remanente de tesouraría para financiar determinados gastos en sectores de especial relevancia social, derivados da crise sanitaria, á autorización de créditos extraordinarios para a recuperación económica e social e para facer fronte ao déficit extraordinario do transporte público que prestan as entidades locais, a determinadas medidas de apoio a concellos que se encontran en situación de risco financeiro ou con problemas de liquidez e a outras normas de xestión orzamentaria de carácter extraordinario e urgente.

No artigo 1 establécese a prórroga para 2020 do destino do superávit de 2019 a aquela finalidade.

O artigo 2 permite, excepcionalmente, prorrogar o procedemento de execución de investimentos financeiramente sustentables cuxos proxectos se iniciaron en 2019 e que se estean a financiar con superávit de 2018.

O artigo 3 recolle a posibilidade de que os concellos, as deputacións provinciais e os consellos insulares se comprometan a poñer á disposición da Administración xeral do Estado os seus excedentes de tesouraría que se reflicten no remanente de tesouraría para gastos xerais, axustado polos saldos das contas de acredores por operacións pendentes de aplicar ao orzamento e por devolucións de ingresos indebidos, e a Dirección Xeral do Tesouro e Política Financeira requirirá a materialización das transferencias, tendo carácter de préstamo a totalidade delas.

O artigo 4 establece a autorización dun crédito extraordinario para a recuperación económica e social por importe equivalente, como mínimo, ao 35 por cento das achegas comprometidas, cun máximo total de 5.000 millóns; establécese o criterio de distribución do dito crédito entre as entidades locais e as finalidades que se poden atender con eles, que son obxecto de detalle no mesmo precepto.

No artigo 5 habilitase un crédito extraordinario nos orzamentos xerais do Estado para compensar o déficit extraordinario dos servizos de transporte de titularidade das entidades locais por importe inicial de 275 millóns de euros.

O artigo 6 permite que, excepcionalmente, as entidades locais que rexistrasen superávit orzamentario en 2019 apliquen a parte do superávit non utilizado ou, de ser superior, o remanente de tesouraría para gastos xerais en 31 de decembro de 2019, para financiar gastos en 2020, sempre que cumpran co equilibrio orzamentario no momento do peche deste exercicio.

No artigo 7 establécense medidas de colaboración das deputacións provinciais e entidades equivalentes para apoiar financeiramente municipios con problemas de liquidez ou que se encontren en risco financeiro.

Completa ese cadro de medidas de apoio o mandato recollido no artigo 8 para que o Ministerio de Facenda estude a revisión das condicións financeiras dos préstamos formalizados por aqueles municipios co Fondo de Financiamento a Entidades Locais, condicións que se modificarían mediante acordo da Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos.

Mediante o artigo 9 instrúntase a tramitación de modificacións de crédito que teñan por obxecto a cobertura de gastos extraordinarios e urgentes directamente relacionados coa situación de crise económica e sanitaria.

O título II contén normas de carácter extraordinario e urgente en materia de endebedamento e de aplicación do Fondo de Financiamento a Entidades Locais, que en tres artigos regula determinadas medidas de apoio financeiro ás ditas entidades.

O artigo 10 modifica o ámbito obxectivo do Fondo de Ordenación, compartimento do Fondo de Financiamento a Entidades Locais, e posibilita a cobertura de débedas con acredores públicos que se estea compensando mediante retencións da participación en

tributos do Estado ou que se estea cancelando mediante acordos de fraccionamento ou aprazamento, nos termos xa explicitados nesta exposición de motivos.

O artigo 11 recolle as regras para a cancelación dos préstamos que se formalizaron co agora en liquidación Fondo para o Financiamento dos Pagamentos a Provedores, mediante a súa substitución con préstamos con entidades de crédito, e a aplicabilidade dos plans de axuste ata agora vixentes no caso de que as entidades locais opten por acollerse a esta medida.

A posible consolidación de débeda a curto en débeda a longo prazo é obxecto de regulación no artigo 12 deste real decreto lei, que establece mecanismos de corrección e a interrelación dos diferentes plans que poidan estar afectados, plans de saneamento, de redución de débeda e de axuste.

Por último, o título III contén catro artigos que afectan a participación das entidades locais nos tributos do Estado. Os dous primeiros (artigos 13 e 14) refírense á liquidación definitiva daquela participación correspondente ao ano 2018.

No artigo 15 fíxase a data límite para que as entidades locais subministren as certificacións do esforzo fiscal do ano 2018, que se terán en conta para o cálculo da liquidación definitiva daquela participación correspondente ao ano 2020.

Por último, o artigo 16 refírense á instrumentación dos suplementos de crédito necesarios, e que antes se mencionaron, identificando os importes necesarios para atender as entregas á conta da participación das entidades locais en tributos do Estado.

A disposición adicional primeira permite, en 2020, aplicar o superávit de 2019 no caso das deputacións forais do País Vasco e dos cabidos insulares de Canarias, atendendo aos seus réximes especiais para compensar a redución de ingresos de impostos de regulación estatal afectados por aqueles.

A disposición adicional segunda establece que, excepcionalmente, non se requirirá a aplicación da regra de gasto no exercicio orzamentario de 2020.

A disposición adicional terceira regula o réxime fiscal que será de aplicación á final da «UEFA Women's Champions League 2020».

A disposición adicional cuarta establece o tipo impositivo do 0 por cento aplicable no imposto sobre o valor engadido a determinadas entregas, importacións e adquisicións intracomunitarias de bens necesarios para combater os efectos do COVID-19, ata o 31 de outubro de 2020.

A disposición adicional quinta recolle determinadas bonificacións do pagamento de aranceis notariais e do Rexistro da Propiedade.

A disposición adicional sexta establece determinadas exencións temporais relativas aos gasodutos de transporte con destino ou orixe en países non pertencentes á Unión Europea.

A disposición adicional sétima amplía o prazo ata o 31 de agosto de 2020 para que os pensionistas de clases pasivas residentes no estranxeiro poidan cumprir adecuadamente co trámite necesario de presentación do documento de certificación de vivencia.

Mediante a disposición adicional oitava prorrógase o artigo 9 do Real decreto lei 19/2020, do 26 de maio, polo que se adoptan medidas complementarias en materia agraria, científica, económica, de emprego e Seguridade Social e tributarias para paliar os efectos do COVID-19.

Na disposición adicional novena regúlase o funcionamento do Fondo de Apoio á Solvencia de Empresas Estratéxicas creado polo Real decreto Lei 25/2020.

A disposición adicional décima establece e regula a xeración de crédito derivada dos ingresos procedentes das poxas de dereitos de emisión de gases de efecto invernadoiro para o exercicio 2020.

Na disposición adicional décimo primeira establécense normas relativas aos convenios de colaboración entre as entidades xestoras da Seguridade Social, as comunidades autónomas e o Instituto Nacional de Xestión Sanitaria para o control e seguimento da incapacidade temporal.

A disposición derradeira primeira modifica o Real decreto lei 11/2020, do 31 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes complementarias no ámbito social e económico

para facer fronte ao COVID-19, e recolle como vía de reclamación a contencioso-administrativa en lugar da económico-administrativa nos casos de expedientes de modificacións de crédito tramitados polo mecanismo de urxencia que aquel precepto establecía.

A disposición derradeira segunda modifica o texto refundido da Lei do imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1993, do 24 de setembro.

A disposición derradeira terceira modifica a disposición transitoria primeira da Lei 13/2011, do 27 de maio, de regulación do xogo, e establece o órgano que exercerá as competencias previstas para a Comisión Nacional do Xogo.

A disposición derradeira cuarta modifica o artigo 13 da Lei 59/2003, do 19 de decembro, de sinatura electrónica, e define o órgano que regulará as condicións para a verificación da identidade nos servizos electrónicos.

As disposicións derradeiras quinta e sexta modifican, respectivamente, a Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos, e a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

A disposición derradeira sétima modifica a Lei de creación da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia para que as referencias contidas en calquera norma do ordenamento xurídico á Comisión Nacional do Xogo se entendan realizadas á Dirección Xeral de Ordenación do Xogo do Ministerio de Consumo, que a substitúe e asume as súas competencias.

A disposición derradeira oitava modifica o Real decreto lei 25/2020, do 3 de xullo, na parte que regula o programa de axudas á adquisición de vehículos para a renovación do parque circulante, con criterios de sustentabilidade e sociais, o programa Renove, co fin de aclarar o procedemento de pagamento, modificar a partida orzamentaria e habilitar a entidade colaboradora que xestione o programa para distribuír os fondos aos beneficiarios.

As disposicións derradeiras novena e décima modifican, respectivamente, o artigo 54 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, e o artigo 5 do Real decreto lei 6/2020, do 10 de marzo, polo que se adoptan determinadas medidas urxentes no ámbito económico e para a protección da saúde pública.

As disposicións derradeiras décimo primeira e décimo segunda autorizan o Goberno e a ministra de facenda a ditar as normas de desenvolvemento regulamentario que se consideren necesarias e determinan que os títulos competenciais prevalentes para que o Goberno elabore este real decreto lei son os artigos 149.1.13.^a e 14.^a, que dispoñen a competencia exclusiva do Estado en materia de facenda xeral e débeda do Estado e sobre as bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica.

Coa disposición derradeira décimo terceira recóllese a plena incorporación ao ordenamento xurídico español da normativa comunitaria para o mercado interior de gas natural.

A disposición derradeira décimo cuarta establece a data de entrada en vigor, que sería a mesma da publicación da presente norma.

VIII

O artigo 86 da Constitución española permite ao Goberno ditar decretos leis «en caso de urxente e extraordinaria necesidade», sempre que non afecten o ordenamento das institucións básicas do Estado, os dereitos, deberes e liberdades dos cidadáns regulados no título I da Constitución, o réxime das comunidades autónomas nin o dereito electoral xeral.

Polo que respecta ao primeiro aspecto, o emprego deste instrumento normativo con rango de lei está condicionado á existencia de circunstancias concretas que «por razóns difíciles de prever, require dunha acción normativa inmediata nun prazo máis breve que o requirido pola vía normal ou polo procedemento de urxencia para a tramitación parlamentaria de leis» (STC 6/1983, do 4 de febreiro).

O Tribunal Constitucional declarou que esa situación de extraordinaria e urxente necesidade pode deducirse «dunha pluralidade de elementos», entre eles, «os que quedan

reflectidos na exposición de motivos da norma» (STC 6/1983, do 4 de febreiro). Pola súa banda, entre a situación de extraordinaria e urxente necesidade que habilita o emprego do real decreto lei e as medidas contidas nel debe existir unha «relación directa ou de congruencia». Polo tanto, a concorrencia do presuposto da extraordinaria e urxente necesidade, a STC 61/2018, do 7 de xuño, (FX 4), exige, por un lado, «a presentación explícita e razoada dos motivos que foron tidos en conta polo Goberno para a súa aprobación», é dicir, o que veu denominarse a situación de urxencia; e, por outro, «a existencia dunha necesaria conexión entre a situación de urxencia definida e a medida concreta adoptada para remediala».

O real decreto lei constitúe un instrumento constitucionalmente lícito, sempre que o fin que xustifica a lexislación de urxencia sexa, tal como reiteradamente exixiu o noso Tribunal Constitucional (sentenzas 6/1983, do 4 de febreiro, F. 5; 11/2002, do 17 de xaneiro, F. 4, 137/2003, do 3 de xullo, F. 3 e 189/2005, do 7 xullo, F. 3), remediar unha situación concreta, dentro dos obxectivos gobernamentais, que por razóns difíciles de prever require unha acción normativa inmediata nun prazo máis breve que o requirido pola vía normal ou polo procedemento de urxencia para a tramitación parlamentaria das leis, máxime cando a determinación do dito procedemento non depende do Goberno.

A extraordinaria e urxente necesidade de aprobar este real decreto lei inscríbese no xuízo político ou de oportunidade que corresponde ao Goberno (SSTC 61/2018, do 7 de xuño, FX 4; 142/2014, do 11 de setembro, FX 3) e esta decisión, sen dúbida, supón unha ordenación de prioridades políticas de actuación (STC, do 30 de xaneiro de 2019, recurso de inconstitucionalidade núm. 2208-2019), centradas no cumprimento da seguridade xurídica e a saúde pública. Os motivos de oportunidade que acaban de expoñerse demostran que, en ningún caso, o presente real decreto lei constitúe un suposto de uso abusivo ou arbitrario deste instrumento constitucional (SSTC 61/2018, do 7 de xuño, FX 4; 100/2012, do 8 de maio, FX 8; 237/2012, do 13 de decembro, FX 4; 39/2013, do 14 de febreiro, FX 5). Ao contrario, todas as razóns expostas xustifican ampla e razoadamente a adopción da presente norma (SSTC 29/1982, do 31 de maio, FX 3; 111/1983, do 2 de decembro, FX 5; 182/1997, do 20 de outubro, FX 3).

Por outra parte, a modificación da Lei 34/1998, do 7 de outubro, de maneira que incorpore ao noso ordenamento xurídico a Directiva 2019/692, do 17 de abril de 2019, ten como obxecto cumprir co compromiso de transposición desta, así como adecuarse á data límite establecida pola Comisión Europea para a comunicación das solicitudes de exención cuxo procedemento se establece neste real decreto lei, que estaba fixada como moi tarde o pasado 24 de maio de 2020.

O presuposto habilitante de extraordinaria e urxente necesidade para a utilización do instrumento normativo do real decreto lei xustifícase neste suposto por canto que a transposición da dita Directiva (UE) 2019/692 vencía o 24 de febreiro de 2020 e para evitar, deste modo, posibles consecuencias que poidan derivar do incumprimento do antedito prazo.

Debe sinalarse tamén que este real decreto lei non afecta o ordenamento das institucións básicas do Estado, os dereitos, deberes e liberdades dos cidadáns regulados no título I da Constitución, o réxime das comunidades autónomas nin o dereito electoral xeral.

Neste sentido, e en relación coa prohibición de afectación aos dereitos, deberes e liberdades dos cidadáns regulados no título I da Constitución española, a consolidada doutrina constitucional, que resume a STC 139/2016, do 31 de xullo (FX 6), «^o (...) este tribunal rexeitou unha interpretación extensiva do dito límite que supoñería o baleiramento da figura do decreto lei, facéndoo «inservible para regular con maior ou menor incidencia calquera aspecto concernente ás materias incluídas no título I da Constitución»; 2.^o A cláusula restritiva debe ser entendida de modo que non se reduza á nada a figura do decreto lei, de modo que o que se prohibe constitucionalmente é que se regule un réxime xeral destes dereitos, deberes e liberdades ou que vaia en contra do contido ou elementos esenciais dalgúns de tales dereitos (STC 111/1983, do 2 de decembro, FX 8, confirmada por outras posteriores); 3.^o O tribunal non se debe fixar unicamente no modo en que se

manifesta o principio de reserva de lei nunha determinada materia, senón máis ben ten que examinar se existiu «afectación» polo decreto lei dun dereito, deber ou liberdade regulado no título I CE, o que exixirá ter en conta a configuración constitucional do dereito, deber ou liberdade afectado en cada caso e mesmo a súa situación sistemática no texto constitucional e a natureza e alcance da concreta regulación de que se trate (...).

Este real decreto lei dítase ao abeiro do disposto nas regras 13.^a e 14.^a do artigo 149.1 da Constitución española, que atribúen ao Estado a competencia exclusiva en materia de facenda xeral e débeda do Estado e sobre as bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica, e adecúase, igualmente, aos principios de boa regulación establecidos no artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, xa que o principio de necesidade quedou sobradamente xustificado anteriormente.

A disposición adicional sexta e a disposición derradeira quinta dítanse ao abeiro do disposto no artigo 149.1.13.^a e 25.^a da Constitución, que atribúen ao Estado a competencia exclusiva en materia de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica e de bases do réxime mineiro e enerxético, respectivamente.

A disposición derradeira quinta identifica as normas do dereito da Unión Europea que se incorporan ao ordenamento xurídico nacional, en particular, a Directiva 2019/692 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de abril de 2019.

No que concirne aos principios de seguridade xurídica, proporcionalidade e eficacia, debe destacarse que a modificación se limita estritamente a abordar de forma puntual, precisa e clara este aspecto, mediante a mellor alternativa posible, a aprobación dun real decreto lei, dado o rango legal exixible e a urxente necesidade xa referida. De acordo co antes exposto, esta norma está xustificada por razóns de interese xeral, persegue uns fins claros e determinados e é o instrumento máis axeitado para garantir a súa consecución. Así mesmo, contén a regulación imprescindible para atender a necesidade que se pretende cubrir e é coherente co resto do ordenamento xurídico e, en particular, coa regulación dos sistemas de financiamento territorial.

En canto ao principio de transparencia, dado que se trata dun real decreto lei, a súa tramitación encóntrase exenta de consulta pública previa e dos trámites de audiencia e información públicas. Non obstante, garántese mediante a súa publicación no *Boletín Oficial del Estado* e posterior remisión ás Cortes Xerais para a súa validación en debate público. Finalmente, respecto do principio de eficiencia, esta norma non impón cargas administrativas.

No conxunto e en cada unha das medidas que se adoptan concorren, pola súa natureza e finalidade, as circunstancias de extraordinaria e urxente necesidade que exige o artigo 86 da Constitución española como presupostos habilitantes para a aprobación dun real decreto lei.

Na súa virtude, en uso da autorización contida no artigo 86 da Constitución, por proposta da ministra de Facenda, e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 4 de agosto de 2020,

DISPOÑO:

TÍTULO I

Destino do superávit das entidades locais para financiar investimentos financeiramente sustentables, medidas de apoio ás entidades locais e outras normas de xestión orzamentaria de carácter extraordinario e urxente

Artigo 1. *Prórroga do destino do superávit de 2019 a investimentos financeiramente sustentables.*

En relación co destino do superávit orzamentario das entidades locais correspondente ao ano 2019 prorrogase para 2020 a aplicación das regras contidas na disposición adicional sexta da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e

sustentabilidade financeira, para o que se deberá ter en conta a disposición adicional décimo sexta do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo. O saldo a que se refire o número 2 da disposición adicional sexta da Lei orgánica 2/2012 deberá reducirse no importe que se utilice en aplicación do artigo 3 do Real decreto lei 8/2020, do 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-19, do artigo 20.1 do Real decreto lei 11/2020, do 31 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes complementarias no ámbito social e económico para facer fronte ao COVID-19, e do artigo 6 do Real decreto lei 23/2020, do 23 de xuño, polo que se aproban medidas en materia de enerxía e noutros ámbitos para a reactivación económica.

Para os efectos da regra anterior, terase en conta, se é o caso, o disposto no número 3 do artigo 6 deste real decreto lei.

No suposto de que un proxecto de investimento iniciado en aplicación deste artigo non se poida executar integramente en 2020, a parte restante do gasto autorizado en 2020 poderase comprometer e recoñecer no exercicio 2021, financiándose con cargo ao remanente de tesouraría de 2020 que quedará afectado a ese fin por ese importe restante e a corporación local non poderá incorrer en déficit ao final do exercicio 2021.

Artigo 2. Prórroga do procedemento de execución dos investimentos financeiramente sustentables financiados con cargo ao superávit de 2018.

Os proxectos de gasto de investimentos financeiramente sustentables iniciados no exercicio 2019 con cargo ao superávit de 2018 poderán, excepcionalmente, terminarse de executar no exercicio 2021, sempre que, polo menos, a totalidade do gasto fose autorizado no exercicio 2019 e que no exercicio 2020 aquel gasto quede comprometido.

O financiamento do gasto farase con cargo ao saldo do remanente de tesouraría para gastos xerais resultante da liquidación orzamentaria de 2020 de forma que o dito saldo quedará, polo importe do investimento financeiramente sustentable pendente de executar, vinculado orzamentariamente a ese gasto e sempre que a corporación local non incorra na liquidación do orzamento de 2021 en déficit segundo criterios de contabilidade nacional.

Artigo 3. Colocación por parte das entidades locais en contas do Tesouro Público de saldos do remanente de tesouraría para gastos xerais de 2019.

1. Os concellos, as deputacións provinciais e os consellos insulares poderán comprometerse a poñer á disposición da Administración xeral do Estado recursos financeiros pola totalidade do remanente de tesouraría para gastos xerais minorado polos saldos das contas de acredores por operacións pendentes de aplicar ao orzamento e por devolucións de ingresos indebidos, en 31 de decembro de 2019, e unha vez descontado o que poidan aplicar conforme o disposto no artigo 1 deste real decreto lei, así como os importes destinados a financiar modificacións de crédito aprobadas con anterioridade á entrada en vigor deste real decreto lei. As anteriores magnitudes entenderanse referidas á Administración xeral e entidades dependentes suxeitas a orzamento limitativo.

As entidades locais remitirán ao Ministerio de Facenda ata o 15 de setembro de 2020 un compromiso firme, vinculante e irrenunciable, de transferir a totalidade dos recursos comprometidos á Administración xeral do Estado. Os compromisos terán que estar vixentes ata o 31 de decembro de 2021. Durante ese período, a Dirección Xeral do Tesouro e Política Financeira requirirálles ás entidades locais que lle presten os recursos comprometidos.

As transferencias realizaranse polo total do remanente de tesouraría para gastos xerais nos termos antes citados. Estas transferencias terán carácter de préstamo das entidades locais á Administración xeral de Estado, e materializaranse, nun acto único, no momento da recepción dos fondos por parte da Administración xeral do Estado na conta que determine a Dirección Xeral do Tesouro e Política Financeira, sen que se requira formalizar os préstamos. A remisión do compromiso firme por parte das entidades locais implicará a aceptación das condicións dos préstamos fixados mediante a resolución da

Dirección Xeral do Tesouro e Política Financeira a que se refire o punto seguinte. O contrato entenderase perfeccionado coa publicación da resolución da Dirección Xeral do Tesouro e Política Financeira pola que se require o desembolso dos préstamos ás entidades locais. Os préstamos terán a consideración de débeda do Estado, conforme o establecido no artigo 92 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria. As entidades locais non poderán ceder os préstamos a terceiros sen o consentimento previo da Dirección Xeral do Tesouro e Política Financeira.

O presidente da corporación local respectiva acordará, mediante decreto ou resolución, o compromiso de poñer á disposición da Administración xeral do Estado os recursos financeiros, logo de informe dos titulares dos órganos de intervención e de tesouraría da entidade local en que se concrete o importe da achega que se compromete realizar, determinado conforme as normas antes citadas.

O presidente da corporación local informará de tales decretos ou resolucións no primeiro pleno posterior que se realice.

2. O importe do principal do préstamo será amortizado pola Administración xeral do Estado nun prazo máximo de quince anos, a partir de 2022.

As condicións financeiras dos préstamos serán fixadas logo da consulta, que se realizará ata o 7 de agosto de 2020, coa asociación de ámbito estatal con maior implantación representativa das entidades locais e aprobaranse por resolución da Dirección Xeral do Tesouro e Política Financeira, tendo en conta que o tipo de xuro anual que se determine para os préstamos formalizados non poderá superar o custo equivalente de financiamento da débeda do Estado, e incluíranse no cálculo os custos financeiros e doutra natureza asociados ás operacións en que incorra a Administración xeral do Estado. En todo caso, a Dirección Xeral do Tesouro e Política Financeira publicará non máis tarde do 20 de agosto de 2020, mediante resolución, as condicións financeiras dos préstamos a que as entidades locais poderán decidir adherirse mediante a remisión dos compromisos de disposición de recursos financeiros a favor da Administración do Estado.

3. A Dirección Xeral do Tesouro e Política Financeira poderá encomendar a un axente financeiro a xestión dos préstamos e poderá autorizalo a operar no seu nome nas contas que se abran para xestionar a operativa dos préstamos.

O banco axente levará a xestión dos préstamos de xeito individualizado, pero estes poderán ser agrupados e tratados como unha ou varias operacións de financiamento nos sistemas de rexistro e contabilidade pública da débeda do Estado por parte da Dirección Xeral do Tesouro e Política Financeira. As amortizacións, os gastos por xuros e o resto de comisións e gastos destes préstamos aplicaranse á sección 06 «Débeda pública» dos orzamentos xerais do Estado.

4. Sen prexuízo do previsto no artigo 53.2 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, as transferencias dos saldos a que se refiren os puntos anteriores dará lugar ás correspondentes xeracións de crédito para gastos incluídos na sección 32 dos orzamentos xerais do Estado.

As xeracións de crédito realizadas ao abeiro deste artigo levaranse a cabo conforme o previsto na Lei 47/2003, do 26 de novembro, e na súa normativa de desenvolvemento.

5. Autorízanse os órganos competentes do Ministerio de Facenda e do Ministerio de Asuntos Económicos e de Transformación Dixital para aprobar as resolucións e instrucións necesarias para o desenvolvemento dos preceptos recollidos no título I deste real decreto lei.

Artigo 4. *Autorización de crédito extraordinario para a recuperación económica e social das entidades locais.*

1. A Administración xeral do Estado destinará ás entidades locais, para a recuperación económica e social, un importe equivalente como mínimo ao 35 por cento dos recursos comprometidos por estas, sen que poida exceder un importe máximo total de 5.000 millóns de euros. No prazo dun mes desde a finalización do prazo de remisión dos compromisos das entidades locais a que se refire o artigo anterior realizaranse transferencias correntes a aquelas entidades locais, en proporción aos recursos comprometidos. As transferencias destinaranse a que as entidades locais, no ámbito da súa autonomía para a xestión dos

seus respectivos intereses, financien actuacións relacionadas coa elaboración e posta en marcha dos plans ou estratexias de acción locais da axenda urbana española, e de mobilidade sustentable, coidados de proximidade e cultura que se especifican nos números 3, 4 e 5 deste artigo. A Administración xeral do Estado materializará as ditas transferencias en 2020 polo 40 por cento das achegas comprometidas polas entidades locais, ata un máximo de 2.000 millóns de euros, e en 2021 polo 60 por cento restante, ata un máximo de 3.000 millóns de euros, para financiar gastos que realicen as entidades locais en 2020 e 2021, respectivamente.

Para os efectos indicados neste punto, concédese un crédito extraordinario ao orzamento en vigor na sección 32 «Outras relacións financeiras con entes territoriais», servizo 02 «Secretaría Xeral de Financiamento Autonómico e Local. Entidades locais», programa 942 N «Outras achegas a entidades locais» e capítulo 4, artigo 46 e concepto 467 «Reconstrución económica e social das entidades locais», por importe de 5.000 millóns. O crédito extraordinario que se concede neste punto financiarase de conformidade co artigo 46 da Lei 6/2018, do 3 de xullo, de orzamentos xerais do Estado para 2018. Así mesmo, outórgaselle o carácter de crédito incorporable e será de aplicación ao seu financiamento o establecido no artigo 59 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria.

No caso de que as entidades locais non dean cumprimento aos compromisos adquiridos e citados no número 1 do artigo anterior, compensaráselles polas transferencias indebidamente percibidas, en virtude do disposto neste artigo, mediante retencións das entregas á conta e das liquidacións definitivas da participación en tributos do Estado ata a compensación total dos ditos importes, que poderá alcanzar a totalidade daquelas e terán carácter preferente fronte a calquera outra débeda con acredores públicos.

2. O gasto que realicen as entidades locais en aplicación das citadas transferencias considerarase gasto financiado con fondos finalistas, para os efectos do disposto no artigo 12.2 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

3. En materia de axenda urbana e mobilidade sustentable e transición enerxética considéranse incluídos, entre outros, os gastos de investimento relacionados coa elaboración e posta en marcha das estratexias de implementación de axendas urbanas locais, os plans de mobilidade urbana sustentable, os proxectos de peonalización e semipeonalización, os gastos de fomento do transporte público, os desprazamentos a pé e en bicicleta, da mobilidade sustentable eléctrica e compartida e de transformación da mobilidade, de renovación de abastecementos de auga, saneamento, cablaxes subterráneas, de prevención e de recollida separada e tratamento mediante preparación para a reutilización, reciclaxe e outras formas de valorización, así como as accións en zonas de protección ambiental, a adaptación do mobiliario e dos equipamentos públicos de uso colectivo ás necesidades de seguridade sanitaria e a rehabilitación de espazos públicos e a mellora da eficiencia enerxética de edificios e instalacións públicas e incorporación neles de instalacións de xeración renovable.

4. En materia de coidados de proximidade incluíranse, entre outros, as actuacións de reforzo dos servizos sociais, co fin de aumentar a súa conectividade e mellorar a asistencia socio-sanitaria, actuacións para o coidado de persoas maiores, dependentes e con discapacidade, de reorganización de sistemas de axuda a domicilio, de detección temperá de vítimas de violencia de xénero e apoio a estas, solucionar situacións de exclusión social, absentismo escolar, escolas infantís de 0-3 anos, vulnerabilidade, instrumentación de programas de apoio para o coidado infantil para facilitar a conciliación laboral e familiar.

5. En materia de cultura incluíranse, entre outros, os gastos para a realización de políticas de apoio á promoción cultural, para a creación de infraestruturas culturais, para a recuperación do patrimonio histórico e para a actualización dixital de todas as institucións culturais e infraestruturas deportivas.

6. O exercicio das actuacións citadas neste artigo non requirirá, en ningún caso, os informes previos que establece o artigo 7.4 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Artigo 5. Autorización dun crédito extraordinario para o apoio aos servizos de transporte público de titularidade de entidades locais.

1. Autorízase un crédito extraordinario para o apoio aos servizos de transporte público de titularidade de entidades locais, que terá por obxecto dotalas de maior financiamento para compensar o déficit extraordinario daquelas, como consecuencia da crise do COVID-19, producido durante o período de vixencia do estado de alarma e ata o final do ano 2020, que se distribuirá en función dos ingresos por tarifa correspondentes a eses servizos para o ano 2018, conforme as regras contidas neste artigo e o certificado que emita para o efecto a persoa titular do órgano de intervención de cada entidade local.

Quedarán incluídos no ámbito obxectivo de perceptores das transferencias os concellos, deputacións provinciais, incluídas as deputacións forais, consellos e cabidos insulares que prestan o servizo de transporte público.

2. O crédito extraordinario terá unha dotación inicial de 275 millóns de euros, con cargo aos orzamentos xerais do Estado de 2020.

Para os efectos indicados neste punto, concédese un crédito extraordinario ao orzamento en vigor na sección 17 «Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana», servizo 39 «Dirección Xeral de Transporte Terrestre», programa 441 M «Subvencións e apoio ao transporte terrestre» capítulo 4, artigo 46 e concepto 461 «Apoio aos servizos de transporte público de titularidade de entidades locais». O crédito extraordinario que se concede neste punto financiarase de conformidade co artigo 46 da Lei 6/2018, do 3 de xullo, de orzamentos xerais do Estado para 2018. Este crédito poderase ampliar ata 400 millóns de euros, sempre que das certificacións que expidan os órganos competentes para os efectos de xustificar as correspondentes transferencias nos termos previstos no punto seguinte se deduza que o importe inicialmente asignado resulta insuficiente para o conxunto de todas elas.

A súa xestión atribúese ao Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana, a través da Dirección Xeral de Transporte Terrestre da Secretaría Xeral de Transportes e Mobilidade. Para tales efectos, a competencia para resolver a asignación e execución das transferencias con cargo a aquel crédito extraordinario, conforme os criterios expresados neste artigo, así como para aprobar os gastos, autorizar os compromisos e liquidacións que procedan en relación coas citadas transferencias, corresponderá á persoa titular da Dirección Xeral de Transporte Terrestre.

3. A asignación do financiamento que corresponda a cada unha das entidades locais que prestan servizos de transporte público farase sobre a base de criterios obxectivos relacionados coa diminución dos ingresos pola caída da demanda de transporte, por ser a causa principal do déficit extraordinario. Estes criterios obxectivos estableceranse en proporción aos ingresos obtidos por aplicación das tarifas ou prezos públicos nun ano de referencia, e procederase do seguinte modo:

a) A asignación de financiamento a cada concello ou deputación que preste servizos de transporte público determinarase en función dos ingresos por tarifa correspondentes a eses servizos para o ano 2018 e o seu valor será equivalente ao 33 por cento dos ditos ingresos. Para estes efectos, os titulares dos órganos de intervención dos concellos ou das deputacións emitirán un certificado en que se determinen ambas as cantidades. Quedan excluídos deste punto os concellos cuxos servizos de transporte público estean integrados no Consorcio Rexional de Transportes de Madrid e na Autoridade do Transporte Metropolitano de Barcelona.

b) A asignación de financiamento correspondente aos servizos de transporte público de concellos que estean integrados no Consorcio Rexional de Transportes de Madrid e na Autoridade do Transporte Metropolitano de Barcelona determinarase en función dos ingresos por tarifa correspondentes ao ano 2018. Para estes efectos, o presidente de cada

un destes consorcios emitirá un certificado en que se expresarán os ingresos por tarifa correspondentes ao ano 2018. Sobre esta cantidade determinarase a proporción que corresponde ás entidades locais, segundo o seu grao de participación nas ditas entidades ou mediante as subvencións ou transferencias polas que participaron no seu financiamento no ano 2018. O importe de asignación de financiamento fixarase no 33 por cento da cantidade resultante que se expresará igualmente no certificado emitido polo Consorcio.

c) A asignación de financiamento a consellos e cabidos insulares para servizos de transporte público da súa titularidade determinarase en función dos ingresos por tarifa correspondentes a eses servizos para o ano 2018. Desda cifra deducirase a proporción que corresponda ás achegas de subvencións ou transferencias desde outras administracións públicas no conxunto do financiamento dos ditos servizos no ano 2018. O importe da asignación de financiamento fixarase no 33 por cento da cantidade final obtida. Para estes efectos, o titular dos organismos de intervención da entidade emitirá un certificado en que se expresen o importe total de ingresos por tarifa do ano 2018, a porcentaxe de financiamento doutras administracións nos servizos de 2018 e o valor determinado aplicando o 33 por cento.

As certificacións a que se fai referencia neste punto serán suficientes para o libramento de fondos mediante a transferencia corrente a favor da entidade local perceptora ou do Consorcio Rexional de Transportes de Madrid ou da Autoridade Metropolitana de Barcelona, segundo corresponda, sen requirir outra xustificación que a citada certificación. Non obstante, a Intervención Xeral da Administración do Estado poderá auditar a adecuación dos importes certificados polas entidades locais ao establecido neste punto, e as corporacións locais e as súas entidades dependentes estarán obrigadas a prestar colaboración e facilitar canta documentación sexa requirida no exercicio das funcións de control con esta finalidade.

Os certificados cubriranse conforme os modelos que se poñerán á disposición na sede electrónica do Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana.

4. No prazo de dous meses desde a entrada en vigor deste real decreto lei, as entidades a que se refire o punto anterior que queiran solicitar financiamento para apoio dos servizos de transporte público enviarán solicitude motivada á Dirección Xeral de Transporte Terrestre e anexarán o certificado correspondente.

O procedemento completo efectuarase a través da sede electrónica do Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana, no seguinte enderezo https://sede.fomento.gob.es/FONDO_COVID_ENTIDADES_LOCALES.

5. Os importes que perciban as entidades locais con cargo ao crédito extraordinario que se autoriza deberán destinarse exclusivamente a financiar a prestación do servizo de transporte público urbano. O financiamento do déficit extraordinario do transporte público rexerese polo disposto neste artigo, sen que lle resulte de aplicación a Lei xeral de subvencións.

Artigo 6. *Aplicación do remanente de tesouraría para gastos xerais de 2019.*

As entidades locais que rexistrasen superávit orzamentario en termos de contabilidade nacional en 2019 poderán aplicar, con carácter excepcional, a parte do superávit non utilizado ou, de ser superior, o remanente de tesouraría para gastos xerais en 31 de decembro de 2019, para financiar gastos en 2020, sempre que cumpran co equilibrio orzamentario no momento do peche deste exercicio.

Artigo 7. *Medidas de apoio das deputacións provinciais e entidades equivalentes a municipios con problemas de liquidez ou que se encontren en risco financeiro.*

1. As deputacións provinciais e entidades equivalentes, dentro do ámbito das súas competencias propias a que se refire o artigo 36 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, quedan obrigadas a prestar apoio financeiro aos concellos dos municipios do seu ámbito territorial e, especialmente, aos de poboación inferior a 20.000 habitantes, que se encontren en risco financeiro, conforme o artigo 39.1.a) do Real decreto

lei 17/2014, do 26 de decembro, ou que no momento do peche do exercicio 2019 presentasen signo negativo no seu aforro neto ou no remanente de tesouraría para gastos xerais minorado polos saldos das contas de acredores por operacións pendentes de aplicar ao orzamento e por devolucións de ingresos indebidos.

2. Con carácter extraordinario, exceptúase en 2020 a aplicación do artigo 49.4 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, permitíndose ás deputacións provinciais e entidades equivalentes formalizar préstamos ou concertar operacións de crédito cos concellos a que se refire o punto anterior, co obxecto de financiar o remanente de tesouraría negativo que presenten no momento do peche do exercicio de 2019. As ditas operacións deberán respectar, en todo caso, o principio de prudencia financeira, de acordo co artigo 48 bis do citado texto refundido, e axustarse, se é o caso, ás regras contidas no número 2 do artigo 11 deste real decreto lei.

3. Excepcionalmente, considéranse incluídos no número 3 da disposición adicional décimo sexta do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, para os efectos da aplicación da disposición adicional sexta da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, e en referencia ao destino do superávit de 2019 das deputacións provinciais, consellos e cabidos insulares, os gastos de transferencias correntes que estas realicen a favor dos concellos citados no número 1 deste artigo, sempre que teñan carácter finalista, e que estes últimos teñan aprobado, se é o caso, un plan económico-financieiro, en cumprimento do disposto na Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

Artigo 8. Revisión das condicións dos préstamos formalizados co Fondo de Financiamento a Entidades Locais polos concellos de municipios con problemas de liquidez ou que se encontren en risco financeiro.

Antes da finalización do ano 2020, o Ministerio de Facenda estudará a conveniencia de revisar as condicións financeiras dos préstamos formalizados co Fondo de Financiamento a Entidades Locais polos concellos que se encontren en situación de risco financeiro, ou con elevado nivel de débeda financeira, ou que presentasen remanente de tesouraría negativo axustado polos saldos de acredores por operacións pendentes de aplicar ao orzamento e por devolucións de ingresos indebidos. Como consecuencia dese estudo, a Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos poderá acordar a modificación daquelas operacións financeiras e a condicionalidade fiscal aplicable, co obxecto de paliar os efectos derivados da crise e de posibilitar o saneamento financeiro daquelas entidades locais.

Artigo 9. Tramitación de modificacións de créditos que teñan por obxecto atender gastos extraordinarios e urxentes directamente relacionados coa situación de crise económica e sanitaria.

Con carácter excepcional en 2020, e por motivos de urxencia debidamente xustificadas, as modificacións orzamentarias de crédito extraordinario para habilitar crédito ou de suplemento de crédito que se deban aprobar poderanse tramitar mediante decreto ou resolución do presidente da corporación local sen que lles sexan de aplicación as normas sobre reclamación e publicidade dos orzamentos a que se refire o artigo 169 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo.

Os ditos decretos ou resolucións serán inmediatamente executivos e someteríanse á validación do pleno na primeira sesión posterior que se realice, e para iso exixirase o voto favorable dunha maioría simple e a posterior publicación no boletín oficial correspondente.

A falta de validación plenaria non terá efectos anulatorios nin suspensivos do decreto aprobado, sen prexuízo da posibilidade de acudir á vía contencioso-administrativa, para o cal o cómputo de prazos se producirá a partir da data de publicación do acordo plenario.

TÍTULO II

Normas de carácter extraordinario e urgente en materia de endebedamento e de aplicación do Fondo de Financiamento a Entidades Locais

Artigo 10. *Modificación do ámbito obxectivo do Fondo de Ordenación, compartimento do Fondo de Financiamento a Entidades Locais.*

1. Para o exercicio de 2020, no ámbito obxectivo regulado no artigo 40.1 do Real decreto lei 17/2014, do 26 de decembro, de medidas de sustentabilidade financeira das comunidades autónomas e entidades locais e outras de carácter económico, os municipios a que se refire o artigo 39.1 da mesma norma poderán incluír as contías que estean pendentes de amortizar e que correspondan a operacións que se formalizaron no marco da liña de crédito para a cancelación de débedas das entidades locais con empresas e autónomos, regulada na sección segunda do capítulo II do Real decreto lei 8/2011, do 1 de xullo, de medidas de apoio aos debedores hipotecarios, de control do gasto público e cancelación de débedas con empresas e autónomos contraídas polas entidades locais, de fomento da actividade empresarial e impulso da rehabilitación e de simplificación administrativa, e polas que se estean aplicando retencións na participación daquelas entidades locais nos tributos do Estado.

2. Os concellos que se adherisen ou se adhiran en 2020 ao compartimento Fondo de Ordenación, do Fondo de Financiamento a Entidades Locais, poderán solicitar, con carácter excepcional, antes do 31 de outubro de 2020, a formalización de préstamos con cargo a aquel compartimento para a cancelación da débeda pendente coa Axencia Estatal de Administración Tributaria e coa Tesouraría Xeral da Seguridade Social, e que estea sendo obxecto de cancelación mediante acordos de fraccionamento ou de aprazamento, subscritos con aqueles acredores antes da data de publicación do presente real decreto lei, ou que se estean compensando mediante a aplicación de retencións da participación en tributos do Estado, todo iso de conformidade coa condicionalidade establecida no Real decreto lei 17/2014, do 26 de decembro, atendendo á situación específica dos concellos solicitantes das previstas no artigo 39.1 da dita norma.

Artigo 11. *Cancelación das operacións de préstamo formalizadas polas entidades locais co Fondo para o Financiamento dos Pagamentos a Provedores.*

1. Como excepción ao establecido na disposición derradeira trixésimo primeira da Lei 17/2012, do 27 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2013, durante o ano 2020 as entidades locais poderán concertar novas operacións de endebedamento para cancelar parcial ou totalmente a súa débeda pendente co Fondo en liquidación para o Financiamento dos Pagamentos a Provedores sempre que se cumpran todos os requisitos seguintes:

a) Que a nova operación de endebedamento que se vai subscribir teña, como máximo, o mesmo período de amortización que reste para a cancelación completa das operacións de crédito que a entidade local teña subscritas co mencionado fondo. Os plans de axuste aprobados e que posibilitaron a formalización das operacións que se cancelan manterán a súa vixencia ata a total amortización da nova operación de endebedamento, sen prexuízo do establecido nos números 4 e 5 deste artigo.

b) Que coa nova operación de endebedamento se xere unha diminución da carga financeira que supoña un aforro financeiro.

c) Esta operación de endebedamento non poderá incorporar a garantía da participación en tributos do Estado nin poderán subrogarse as entidades de crédito que concerten estas novas operacións nos dereitos que correspondan ao Fondo para o Financiamento dos Pagamentos a Provedores.

d) Esta operación deberá destinarse na súa totalidade á amortización anticipada total ou parcial dos préstamos formalizados co Fondo para o Financiamento dos Pagamentos a Provedores, cumprindo cos requisitos e condicións establecidos nos contratos subscritos polas entidades locais co citado fondo.

2. Para a formalización das novas operacións de endebedamento citadas será preciso solicitar autorización do Ministerio de Facenda.

Para estes efectos, coa solicitude anexarase a seguinte documentación:

- a) O acordo do órgano competente da corporación local, cos requisitos de quórum e votacións establecidos na Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.
- b) O informe do interventor da entidade local en que se certifique o aforro financeiro anual que se producirá como consecuencia da subscrición da nova operación de endebedamento.

3. Se o período medio de pagamento a provedores, calculado pola entidade local de acordo co Real decreto 635/2014, do 25 de xullo, polo que se desenvolve a metodoloxía de cálculo do período medio de pagamento a provedores das administracións públicas e as condicións e o procedemento de retención de recursos dos réximes de financiamento, previstos na Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, supera o prazo máximo establecido na normativa sobre a morosidade, o aforro financeiro xerado como consecuencia da subscrición da nova operación de endebedamento autorizada deberá destinarse a reducir a súa débeda comercial e, como consecuencia, o período medio de pagamento a provedores; esta é unha das medidas que, se é o caso, se terá que incluír no plan de tesouraría a que se refire a Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

4. Se a entidade local cumprise no momento do peche do exercicio 2019 co límite de débeda establecido nos artigos 51 e 53 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, co obxectivo de estabilidade orzamentaria e coa regra de gasto, e o seu período medio de pagamento a provedores, calculado pola entidade local de acordo co Real decreto 635/2014, do 25 de xullo, non excede o prazo máximo establecido na normativa sobre a morosidade, poderá formalizar a nova operación. Se a entidade local cancela totalmente os préstamos formalizados co Fondo para o Financiamento dos Pagamentos a Provedores, quedará sen vixencia o plan de axuste aprobado e que posibilitou a súa concertación. Se non se cancelan totalmente os ditos préstamos, os plans de axuste manterán a súa vixencia e o procedemento de seguimento da súa execución a que estivesen suxeitos.

5. Se a entidade local non cumprise no momento do peche do exercicio 2019 algún dos límites ou regras citadas no número 4 anterior, poderá formalizar a nova operación de endebedamento, pero o plan de axuste aprobado manterá a súa vixencia aínda cando se cancelen totalmente os préstamos formalizados co Fondo para o Financiamento dos Pagamentos a Provedores.

6. Sen prexuízo do disposto nos números 4 e 5 anteriores, se a entidade local presentase no momento do peche do exercicio 2019 aforro neto negativo ou endebedamento superior ao 75 por cento dos seus ingresos correntes liquidados no exercicio inmediato anterior, nos termos definidos na disposición derradeira trixésimo primeira da Lei 17/2012, do 27 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2013, a entidade local, mediante acordo do seu pleno, deberá aprobar un plan de saneamento financeiro ou de redución de débeda para corraxir, nun prazo máximo de cinco anos, o signo do aforro neto ou o volume de endebedamento, respectivamente. Polo que se refire a este último, deberá corraxirse ata o límite antes citado, no caso de que o dito volume se encontre comprendido entre aquela porcentaxe e a fixada no artigo 53 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo. Nos restantes supostos de endebedamento excesivo, o plan de redución de débeda deberá corraxir o nivel de débeda, como máximo, á porcentaxe fixada no último precepto citado.

Os citados plans deberán comunicarse ao Ministerio de Facenda, xunto coa solicitude de autorización a que se refire o número 2 do presente artigo.

O interventor da entidade local deberá emitir un informe anual do cumprimento destes plans, e presentalo ao pleno da corporación local para o seu coñecemento, e deberá, ademais, remitilo ao Ministerio de Facenda.

No caso de que se produza un incumprimento dos citados plans, a entidade local non poderá concertar operacións de endebedamento a longo prazo para financiar calquera modalidade de investimento. Ademais, o Ministerio de Facenda poderá propoñer medidas extraordinarias que deberán adoptar as entidades locais afectadas. No caso de que estas non adopten as ditas medidas, poderanse aplicar as medidas coercitivas e de cumprimento forzoso establecidas nos artigos 25 e 26 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

7. A nova operación de endebedamento que se subscriba, de acordo co previsto nos puntos anteriores, no prazo de trinta días contados desde a data da súa formalización, comunicarse ao Ministerio de Facenda, de acordo co disposto no artigo 55 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, e no artigo 17 da Orde HAP/2105/2012, do 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministración de información previstas na Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

8. Aquelas entidades locais que formalizaron as operacións de refinanciamento que se autorizaron en aplicación do artigo 3 da Lei 18/2014, do 15 de outubro, de aprobación de medidas urxentes para o crecemento, a competitividade e a eficiencia, con plans de axuste vixentes por aplicación do número 5 daquel precepto, poderán declarar a fin da súa vixencia sempre que cumprisen coas regras fiscais citadas no número 4 anterior en todos e cada un dos anos comprendidos no período 2016-2019. A dita fin de vixencia comunicarse ao Ministerio de Facenda no seguimento do plan de axuste correspondente ao trimestre inmediato posterior á data de publicación do presente real decreto lei.

9. A remisión da información a que se refire o presente artigo efectuarase por transmisión electrónica nos modelos habilitados para tal fin, incorporando a sinatura electrónica da Intervención Xeral ou unidade equivalente que teña competencias en materia de contabilidade.

Habilítase a titular da Secretaría Xeral de Financiamento Autonómico e Local para adoptar as resolucións e medidas necesarias para a aplicación e execución do disposto neste punto, incluíndo a fixación do prazo de presentación das solicitudes, o detalle da información que se deberá achegar, así como o procedemento telemático de remisión e o mecanismo electrónico de outorgamento da autorización.

Artigo 12. *Consolidación da débeda a curto prazo en débeda a longo prazo por parte das entidades locais.*

1. Como excepción ao disposto no texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, autorízase exclusivamente en 2020 a formalización de operacións de conversión de débeda a curto prazo que estean vixentes en operacións de crédito a longo prazo por parte daquelas entidades locais que, en 2018 ou en 2019, presenten remanente de tesouraría para gastos xerais negativo unha vez atendido o saldo da conta 4131 «Acredores por operacións pendentes de aplicar a orzamento» ou, no caso de que non exista esta divisionaria, a parte do saldo da conta 413 «Acredores por operacións devindicadas» que equivale a aquela, ou saldos de contas equivalentes nos termos establecidos na normativa contable e orzamentaria que resulta de aplicación, ou que, nalgún daqueles exercicios, presenten aforro neto negativo.

2. Para a formalización das operacións de refinanciamento citadas será precisa a adopción dun acordo do órgano competente da corporación local, cos requisitos de quórum e votacións establecidos na Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Ademais, no caso de que as entidades locais presenten remanente de tesouraría negativo para gastos xerais nos termos antes citados, ou aforro neto negativo ou endebedamento superior ao 75 por cento dos seus ingresos correntes liquidados no

exercicio inmediato anterior, nos termos definidos na disposición derradeira trixésimo primeira da Lei 17/2012, do 27 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2013, as corporacións locais, mediante acordo dos seus respectivos plenos, deberán aprobar un plan de saneamento financeiro ou de redución de débeda para corrixir, nun prazo máximo de cinco anos, o signo do remanente de tesouraría para gastos xerais antes definido ou do aforro neto ou o volume de endebedamento, respectivamente. Polo que se refire a este último, deberá corrixirse ata o límite antes citado, no caso de que o dito volume se encontre comprendido entre aquela porcentaxe e a fixada no artigo 53 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo. Nos restantes supostos de endebedamento excesivo, o plan de redución de débeda deberá corrixir o nivel de débeda, como máximo, á porcentaxe fixada no último precepto citado.

As entidades locais deberán comunicar os citados plans, para a súa aprobación, ao órgano competente do Ministerio de Facenda, salvo que a comunidade autónoma correspondente teña atribuída no estatuto de autonomía a tutela financeira das ditas entidades, caso en que se comunicará a esta.

A aprobación anterior implicará, para calquera efecto, que a entidade local está a cumprir cos límites que fixa a lexislación reguladora das facendas locais en materia de autorización de operacións de endebedamento.

No caso de que as entidades mencionadas estean suxeitas a un plan de axuste pola aplicación de medidas de apoio financeiro fundamentadas na disposición adicional primeira da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, deberán modificalo incluíndo a operación a que se refire este artigo no momento en que informen sobre o seguimento do dito plan de axuste, e entenderase cumprido, nestes casos, o requirimento do plan de saneamento antes citado.

O interventor da entidade local deberá emitir un informe anual do cumprimento do plan de saneamento, e presentalo ao pleno da corporación local para o seu coñecemento, e o correspondente ao último ano daqueles plans deberá, ademais, remitilo ao órgano competente da Administración pública que teña atribuída a tutela financeira das entidades locais.

No caso de que se produza un incumprimento dos citados plans, a entidade local non poderá concertar operacións de endebedamento a longo prazo para financiar calquera modalidade de investimento. Ademais, o órgano competente da Administración pública que teña atribuída a tutela financeira das entidades locais poderá propoñer medidas extraordinarias que deberán adoptar as entidades locais afectadas. No caso de que estas non adopten as ditas medidas, poderanse aplicar as medidas coercitivas e de cumprimento forzoso establecidas nos artigos 25 e 26 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

3. Fóra do marco regulado no número 1 anterior débese considerar prohibida a formalización das operacións de renovacións sucesivas de débeda a curto prazo.

TÍTULO III

Normas de carácter extraordinario e urxente en materia de participación das entidades locais en tributos do Estado

Artigo 13. *Regulación do réxime xurídico e dos saldos debedores da liquidación definitiva da participación das entidades locais nos tributos do Estado correspondente ao ano 2018.*

1. Una vez coñecida a variación dos ingresos tributarios do Estado do ano 2018 respecto de 2004, e os demais datos necesarios, procederase ao cálculo da liquidación definitiva da participación en tributos do Estado, correspondente ao exercicio 2018, nos termos dos artigos 111 a 124 e 135 a 146 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, tendo ademais en conta as normas recollidas nos artigos 100 a 103, 105 e 106, 108 a 111, 113 e 115 da Lei 6/2018, do 3 de xullo, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2018.

2. Os saldos debedores que puidesen derivar da liquidación a que se refire o punto anterior, no compoñente de financiamento que non corresponda a cesión de rendementos recadatorios en impostos estatais, serán reembolsados polas entidades locais afectadas mediante compensación con cargo ás entregas á conta que, en concepto de participación nos tributos do Estado definida na sección 4ª e na subsección 1ª da sección 6ª deste capítulo, se perciban con posterioridade á mencionada liquidación, nun período máximo de tres anos, mediante retencións trimestrais equivalentes ao 25 por cento dunha entrega mensual, salvo que, ao aplicar este criterio, se exceda o prazo sinalado, caso en que se axustarán a frecuencia e a contía das retencións correspondentes co obxecto de que non se produza esta situación.

3. Os saldos debedores que puidesen derivar da liquidación a que se refire o número 1 anterior, no compoñente de financiamento que corresponda a cesión de rendementos recadatorios en impostos estatais, serán reembolsados polas entidades locais afectadas mediante compensación con cargo aos posibles saldos acredores que deriven da liquidación do compoñente correspondente ao concepto de participación nos tributos do Estado definida na sección 4ª e na subsección 1ª da sección 6ª deste capítulo. Os saldos debedores restantes despois de aplicar a compensación anteriormente citada serán reembolsados polas entidades locais mediante compensación nas entregas á conta que, por cada imposto estatal incluído naquela cesión, perciban, sen as limitacións de porcentaxes e prazos establecidos no punto anterior.

4. Se o importe das liquidacións definitivas a que se refire o número 2 deste artigo for a favor do Estado, reflectirase como dereito no capítulo IV do orzamento de ingresos do Estado.

5. Cando as retencións citadas neste artigo concorran coas reguladas no 125 da Lei 6/2018, do 3 de xullo, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2018, terán carácter preferente fronte a aquelas e non computarán para o cálculo das porcentaxes establecidas no punto dous do citado artigo.

Artigo 14. Criterios para o cálculo do índice de evolución dos ingresos tributarios do Estado aplicables na liquidación definitiva da participación nos tributos do Estado correspondente ao ano 2018.

Para os efectos da liquidación definitiva da participación das entidades locais nos tributos do Estado correspondente ao ano 2018 e da aplicación do artigo 121 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, o índice de evolución dos ingresos tributarios do Estado entre o ano 2004 e o ano 2018 determinarase cos criterios establecidos no artigo 20 da Lei 22/2009, do 18 de decembro, pola que se regula o sistema de financiamento das comunidades autónomas de réxime común e cidades con estatuto de autonomía e se modifican determinadas normas tributarias, que consisten en:

1. Os ingresos tributarios do Estado do ano 2018 están constituídos pola recadación estatal no exercicio, excluídos os recursos tributarios cedidos ás comunidades autónomas polo imposto sobre a renda das persoas físicas, imposto sobre o valor engadido e polos impostos especiais, nos termos previstos no artigo 20 da Lei 22/2009.

2. Polo que se refire ao cálculo dos ingresos tributarios do Estado do ano 2004 ou 2006, utilizaranse os criterios establecidos na letra e) da disposición transitoria cuarta da Lei 22/2009, considerando como ano base o ano 2004 ou 2006, segundo proceda.

Artigo 15. Subministración de información do esforzo fiscal municipal de 2018.

Para os efectos da información que deben subministrar as corporacións locais relativa ao esforzo fiscal establecida no artigo 124 da Lei 6/2018, do 3 de xullo, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2018, as certificacións correspondentes deberanse referir ao ano 2018 e deberanse subministrar aos órganos competentes do Ministerio de Facenda antes do 31 de outubro do ano 2020, na forma en que estes determinen.

Artigo 16. *Suplementos de crédito para atender as entregas á conta da participación das entidades locais nos tributos do Estado correspondente ao ano 2020.*

Para financiar as entregas á conta da participación das entidades locais nos tributos do Estado concédense suplementos de crédito nos seguintes conceptos do programa 942 M «Transferencias a entidades locais por participación nos ingresos do Estado» do servizo 21 «Secretaría Xeral de Financiamento Autonómico e Local. Entidades locais» da sección 36 «Sistemas de financiamento de entes territoriais» polos importes que se indican:

(Miles de euros)

46001	Entregas á conta a favor dos municipios non incluídos no modelo de cesión pola súa participación nos conceptos tributarios dos capítulos I e II do orzamento de ingresos do Estado non susceptibles de cesión ás comunidades autónomas	187.833,61
46002	Entregas á conta a favor dos municipios pola súa participación nos conceptos tributarios dos capítulos I e II do orzamento de ingresos do Estado non susceptibles de cesión ás comunidades autónomas. Fondo Complementario de Financiamento	260.495,76
46101	Entregas á conta ás deputacións e cabidos insulares pola súa participación nos ingresos dos capítulos I e II do orzamento do Estado por recursos non susceptibles de cesión ás comunidades autónomas	219.857,32

Disposición adicional primeira. *Compensación pola redución de ingresos en impostos estatais polas deputacións forais e os cabidos insulares de Canarias.*

1. Excepcionalmente, en 2020, con motivo do impacto financeiro derivado da crise sanitaria provocada polo COVID-19, as deputacións forais dos territorios históricos do País Vasco, que rexistrasen superávit orzamentario en termos de contabilidade nacional en 2019, poderán aplicar a parte do superávit non utilizado ou, de ser superior, o remanente de tesouraría para gastos xerais en 31 de decembro de 2019, e sempre que non aumenten o seu endebedamento neto no momento do peche de 2020, para compensar a redución dos ingresos que obteñan e que correspondan exclusivamente a tributos estatais concertados, de acordo co concerto económico coa Comunidade Autónoma do País Vasco, unha vez descontadas as achegas que, polos ditos tributos, realicen aqueles órganos forais a esa comunidade autónoma e ás entidades locais dos seus respectivos territorios.

En caso de que a citada redución de ingresos sexa superior a aquel remanente ou superávit, compensaranse as deputacións forais, na forma en que se acorde na Comisión Mixta do Concerto Económico.

2. Os cabidos insulares de Canarias poderán aplicar a norma recollida no punto anterior, en relación coa redución dos ingresos tributarios que obteñan e lles correspondan exclusivamente polos impostos indirectos de regulación estatal do réxime económico e fiscal de Canarias, producida durante o exercicio 2020. A compensación a que se refire o segundo parágrafo do punto anterior aplicarase na forma en que, se é o caso, se acorde con cada cabido insular.

Disposición adicional segunda. *Suposto excepcional de aplicación da regra de gasto ás entidades locais.*

Debido á grave situación provocada pola pandemia, excepcionalmente non se lle exixirá o cumprimento da regra de gasto ao subsector de corporacións locais durante o exercicio 2020.

Disposición adicional terceira. *Réxime fiscal aplicable á final da «UEFA Women's Champions League 2020».*

Un. Réxime fiscal da entidade organizadora da final da «UEFA Women's Champions League 2020» e dos equipos participantes:

As persoas xurídicas residentes en territorio español constituídas con motivo da final da «UEFA Women's Champions League 2020» pola entidade organizadora ou polos equipos participantes estarán exentas do imposto sobre sociedades polas rendas obtidas durante a celebración do acontecemento e na medida que estean directamente relacionadas coa súa participación nel.

O establecido no punto anterior aplicarase igualmente no imposto sobre a renda de non residentes aos establecementos permanentes que a entidade organizadora da final da «UEFA Women's Champions League 2020» ou os equipos participantes constitúan en España con motivo do acontecemento polas rendas obtidas durante a súa celebración e na medida que estean directamente relacionadas coa súa participación nel.

Estarán exentas as rendas obtidas sen establecemento permanente pola entidade organizadora da final da «UEFA Women's Champions League 2020» ou os equipos participantes, xeradas con motivo da celebración da final da «UEFA Women's Champions League 2020» e na medida que estean directamente relacionadas coa súa participación naquela.

Dous. Réxime fiscal das persoas físicas que presten servizos á entidade organizadora ou aos equipos participantes:

1. Non se considerarán obtidas en España as rendas que perciban as persoas físicas que non sexan residentes en España polos servizos que presten á entidade organizadora ou aos equipos participantes, xeradas con motivo da celebración da final da «UEFA Women's Champions League 2020» e na medida que estean directamente relacionadas coa súa participación naquela.

2. As persoas físicas que adquiran a condición de contribuíntes polo imposto sobre a renda das persoas físicas como consecuencia do seu desprazamento a territorio español con motivo da final da «UEFA Women's Champions League 2020» poderán optar por tributar polo imposto sobre a renda de non residentes, nos termos e condicións previstos no artigo 93 da Lei 35/2006, do 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e de modificación parcial das leis dos impostos sobre sociedades, sobre a renda de non residentes e sobre o patrimonio.

Tres. Réxime alfandegueiro e tributario aplicable ás mercadorías que se importen para afectalas ao desenvolvemento e celebración da final da «UEFA Women's Champions League 2020»:

1. Con carácter xeral, o réxime alfandegueiro aplicable ás mercadorías que se importen para a súa utilización na celebración e desenvolvemento da final da «UEFA Women's Champions League 2020» será o que resulte das disposicións contidas no Regulamento (UE) n.º 952/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 9 de outubro de 2013, polo que se establece o código alfandegueiro da Unión, e demais lexislación alfandegueira de aplicación.

2. Sen prexuízo do anterior e conforme o artigo 251 do código alfandegueiro da Unión e o artigo 7 do Convenio relativo á importación temporal, feito en Istanbul o 26 de xuño de 1990, as mercadorías a que se refire o número 1 deste punto que se vinculen ao réxime alfandegueiro de importación temporal poderán permanecer ao abeiro do dito réxime por un prazo máximo de 24 meses desde a súa vinculación a este, que, en todo caso, expirará, como moi tarde, o 31 de decembro do ano seguinte ao da finalización da final da «UEFA Women's Champions League 2020».

3. Autorízase o Departamento de Alfándegas e Impostos Especiais da Axencia Estatal de Administración Tributaria para que adopte as medidas necesarias para a execución do disposto neste número tres.

Catro. Imposto sobre o valor engadido:

1. Por excepción ao disposto no número 2.º do artigo 119 bis da Lei 37/1992, do 28 de decembro, do imposto sobre o valor engadido, non se exixirá o requisito de reciprocidade na devolución a empresarios ou profesionais non establecidos na Comunidade que soporten ou satisfagan cotas do imposto como consecuencia da realización de operacións relacionadas coa celebración da final da «UEFA Women's Champions League 2020».

2. Por excepción do establecido no número 7.º do punto un do artigo 164 da Lei 37/1992, cando se trate de empresarios ou profesionais non establecidos na Comunidade, Canarias, Ceuta ou Melilla, ou nun Estado co cal existan instrumentos de asistencia mutua análogos aos instituídos na Comunidade, non será necesario que nomeen un representante para os efectos do cumprimento das obrigas impostas na dita lei.

3. Os empresarios ou profesionais non establecidos no territorio de aplicación do imposto que teñan a condición de suxeitos pasivos e que soporten ou satisfagan cotas como consecuencia da realización de operacións relacionadas coa final da «UEFA Women's Champions League 2020» terán dereito á devolución das ditas cotas ao termo de cada período de liquidación.

Para os ditos empresarios ou profesionais, o período de liquidación coincidirá co mes natural, e deberán presentar as súas declaracións-liquidacións durante os 20 primeiros días naturais do mes seguinte ao período de liquidación. Non obstante, as declaracións-liquidacións correspondentes ao último período do ano deberán presentarse durante os trinta primeiros días naturais do mes de xaneiro.

O establecido no parágrafo anterior non determinará a obriga para os ditos empresarios ou profesionais de levaren os libros de rexistro do imposto a través da sede electrónica da Axencia Estatal de Administración Tributaria, a que se refire o artigo 62.6 do Regulamento do imposto sobre o valor engadido, aprobado polo Real decreto 1624/1992, do 29 de decembro.

O disposto neste número será igualmente aplicable á entidade organizadora do acontecemento, aos equipos participantes e ás persoas xurídicas a que se refire o número 1 anterior.

Non obstante, cando se trate de empresarios ou profesionais non establecidos en que concorran os requisitos previstos nos artigos 119 ou 119 bis da Lei 37/1992, a devolución das cotas soportadas efectuarase conforme o procedemento establecido nos ditos artigos e nos artigos 31 e 31 bis do Regulamento do imposto, aprobado polo Real decreto 1624/1992.

4. Respecto das operacións relacionadas cos bens vinculados ao réxime de importación temporal con exención total de dereitos, a que se alude no número tres anterior, resultará aplicable o disposto no artigo 24 da Lei do imposto.

5. O prazo a que se refire a alínea g) do número 3 do artigo 9 da Lei do imposto será, en relación cos bens que se utilicen temporalmente na celebración e desenvolvemento da final da «UEFA Women's Champions League 2020», o previsto no número 2 do punto tres anterior.

6. A regra establecida no número dous do artigo 70 da Lei do imposto non resultará aplicable aos servizos do número 1 deste punto cando sexan prestados polas persoas xurídicas residentes en España constituídas con motivo do acontecemento pola entidade organizadora da final da «UEFA Women's Champions League 2020» polos equipos participantes e estean en relación coa organización, a promoción ou o apoio do dito acontecemento.

Disposición adicional cuarta. *Tipo impositivo aplicable do imposto sobre o valor engadido ás entregas, importacións e adquisicións intracomunitarias de bens necesarios para combater os efectos do COVID-19.*

Con efectos desde a entrada en vigor do Real decreto lei 15/2020, do 21 de abril, de medidas urxentes complementarias para apoiar a economía e o emprego, e vixencia ata o 31 de outubro de 2020, aplicarase o tipo do 0 por cento do imposto sobre o valor engadido ás entregas de bens, importacións e adquisicións intracomunitarias de bens referidos no anexo deste real decreto lei cuxos destinatarios sexan entidades de dereito público, clínicas ou centros hospitalarios, ou entidades privadas de carácter social a que se refire o número tres do artigo 20 da Lei 37/1992, do 28 de decembro, do imposto sobre o valor engadido. Estas operacións documentaranse en factura como operacións exentas.

Disposición adicional quinta. *Bonificación do pagamento de aranceis notariais e do Rexistro da Propiedade.*

1. Os dereitos arancelarios notariais e rexistrais derivados da formalización e inscrición da novación do préstamo, *leasing* e *renting* que inclúa a moratoria sinalada nos artigos 18 ao 23 do Real decreto lei 26/2020, do 7 de xullo, serán satisfeitos, en todo caso, polo acreedor e bonificaranse nun 50 por cento nos seguintes termos:

a) Polo outorgamento da escritura devindicarase o mesmo arancel que para as escrituras de novación hipotecaria se establece na letra f) do punto 1 do número 1 do anexo I do Real decreto 1426/1989, do 17 de novembro, polo que se aproba o arancel dos notarios, reducidos ao 50 por cento, sen que se devindique cantidade ningunha a partir do quinto folio de matriz e de copia, sexa copia autorizada ou copia simple. O arancel mínimo previsto será de 30 euros e o máximo de 75.

b) Pola práctica da inscrición aplicarase o arancel previsto para as novacións modificativas no artigo 2.1.g) do anexo I do Real decreto 1427/1989, do 17 de novembro, polo que se aproba o arancel dos rexistradores. Ao resultado aplicaráselle unha bonificación do 50 por cento. O arancel mínimo previsto será de 24 euros e o máximo de 50 euros.

2. Os dereitos arancelarios notariais derivados da intervención de pólizas en que se formalice, se é o caso, a suspensión temporal das obrigas contractuais derivadas de todo préstamo, *leasing* e *renting* a que se refiren os artigos 18 ao 23 do Real decreto lei 26/2020, do 7 de xullo, serán os establecidos no Decreto do 15 de decembro de 1950 e bonificaranse nun 50 % cun límite mínimo de 25 euros e máximo de 50 euros, por todos os conceptos incluíndo as súas copias e traslados.

Os dereitos arancelarios dos rexistradores derivados da constancia rexistral, se é o caso, da suspensión temporal das obrigas contractuais, a que se refiren os artigos 18 ao 23 do Real decreto lei 26/2020, do 7 de xullo, minutaranse de conformidade co artigo 36.9.g da ordenanza aprobada pola Orde do 19 de xullo de 1999, pola cantidade fixa de 6 euros.

Disposición adicional sexta. *Exencións temporais relativas aos gasodutos de transporte con destino ou orixe en países non pertencentes á Unión Europea.*

1. O gasoduto de transporte de gas natural denominado Medgaz, que transcorre polas augas territoriais españolas ata a terminal de recepción situada en Almería, queda exceptuado temporalmente do establecido nos artigos 63.3, 63 bis, 63 ter e 70 da Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos, durante un período de 12 meses.

2. O gasoduto de transporte de gas natural denominado Magreb-Europa, que transcorre polas augas territoriais españolas ata a terminal de recepción situada en Tarifa (Cádiz), queda exceptuado temporalmente do establecido nos artigos 63.3, 63 bis, 63 ter e 70 da Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos, durante un período de 12 meses.

3. As exencións temporais outorgadas nos puntos precedentes poderán verse estendidas por orde do titular do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, logo de solicitude motivada do titular ou titulares, que deberá ser presentada ante o citado órgano con, polo menos, 8 meses de antelación á finalización do período da exención temporal outorgada.

Estas extensións, se é o caso, deberán axustarse, en canto ao prazo e ao procedemento para a súa aprobación, ao establecido no artigo 71 bis da Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos. Para estes efectos, o Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico poderá requirirlles aos titulares toda aquela documentación que considere necesaria para avaliar convenientemente a solicitude.

Disposición adicional sétima. *Prazo para acreditación de vivencia de pensionistas de clases pasivas residentes no estranxeiro.*

Con aplicación exclusiva para o ano 2020, o prazo previsto no artigo 10 do Real decreto 1103/2014, do 26 de decembro, sobre revalorización e complementos de pensións para o ano 2015, para a acreditación da vivencia por parte dos pensionistas de clases pasivas residentes no estranxeiro, finalizará o 31 de agosto de 2020.

Disposición adicional oitava. *Prórroga do artigo 9 do Real decreto lei 19/2020, do 26 de maio, polo que se adoptan medidas complementarias en materia agraria, científica, económica, de emprego e Seguridade Social e tributarias para paliar os efectos do COVID-19.*

A consideración como continxencia profesional derivada de accidente de traballo das enfermidades padecidas polo persoal que presta servizo en centros sanitarios ou socio-sanitarios como consecuencia do contaxio do virus SARS-CoV2 aplicarase aos contaxios do virus SARS-CoV2 producidos desde o 1 de agosto de 2020 ata que as autoridades sanitarias levanten todas as medidas de prevención adoptadas para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, e o contaxio acreditarase mediante o correspondente parte de accidente de traballo, que deberá terse expedido dentro do mesmo período de referencia.

Disposición adicional novena. *Funcionamento do Fondo de Apoio á Solvencia de Empresas Estratéxicas creado polo Real decreto lei 25/2020.*

1. Sen prexuízo do previsto na normativa mercantil que resulte de aplicación, e de conformidade co previsto no número cinco do anexo II do Acordo adoptado polo Consello de Ministros o 21 de xullo de 2020, relativo ao funcionamento do Fondo de Apoio á Solvencia de Empresas Estratéxicas, o Consello Xestor poderá libremente acordar a cesión a un terceiro dos títulos e dereitos en que se materialicen as operacións financiadas con cargo ao Fondo, a través dun procedemento aberto a compradores potenciais, asegurando a igualdade de trato, ou mediante a venda nun mercado organizado. Poderá ofrecer, se é o caso, preferencia na adquisición aos socios ou accionistas da empresa. Se o Estado vende a súa participación a un prezo inferior ao establecido no número 5.2. do anexo II do mencionado Acordo adoptado polo Consello de Ministros o 21 de xullo de 2020, as regras previstas no número 6 do citado anexo II do dito acordo aplicaranse durante o prazo de 4 anos contados a partir da concesión do apoio estatal.

2. De conformidade co previsto no número seis do anexo II do Acordo adoptado polo Consello de Ministros o 21 de xullo de 2020, ata o reembolso definitivo do apoio público temporal recibido con cargo ao Fondo para reforzar a súa solvencia, o beneficiario estará suxeito ás seguintes restricións, coas adaptacións que poida introducir posteriormente o Marco temporal, e deberanse adoptar os acordos sociais ou, se é o caso, as modificacións estatutarias que aseguren debidamente o seu puntual cumprimento:

a) Mentres non se amortizase, polo menos, o 75 % das medidas de recapitalización no contexto do COVID-19, impediráselle á empresa beneficiaria adquirir participacións

superiores ao 10 % de empresas activas no mesmo sector ou en mercados ascendentes ou descendentes, salvo que o beneficiario non teña a condición de grande empresa, segundo o anexo I do Regulamento (UE) n.º 651/2014 da Comisión Europea, ou conte coa preceptiva autorización da Comisión Europea por solicitude do Consello Xestor do Fondo.

b) Prohibición de distribuír dividendos, aboar cupóns non obrigatorios ou adquirir participacións propias, salvo as de titularidade estatal por conta do Fondo.

c) Ata o reembolso do 75 % do apoio público temporal con cargo ao Fondo, a remuneración dos membros do Consello de Administración, dos administradores ou dos que teñan a máxima responsabilidade social na empresa, non poderá exceder a parte fixa da súa remuneración vixente no momento do peche do exercicio 2019. As persoas que adquiran as condicións salientadas no momento da recapitalización ou con posterioridade a ela serán remuneradas en termos equiparables aos que teñan similar nivel de responsabilidade. Baixo ningún concepto se aboarán primas ou outros elementos de remuneración variable ou equivalentes.

Disposición adicional décima. *Ingresos procedentes das poxas de dereitos de emisión de gases de efecto invernadoiro para o exercicio 2020.*

1. Con vixencia exclusiva para o orzamento do ano 2020, cando o 90 por cento da recadación efectiva polos ingresos por poxas de dereitos de emisión de gases de efecto invernadoiro, a que se refire o punto 1.b) da disposición adicional quinta da Lei 17/2012, do 27 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2013, supere a cantidade prevista no crédito inicial da aplicación 23.03.000X.737 «Á CNMC» para financiar custos do sector eléctrico de acordo coa letra b) da disposición adicional segunda da Lei 15/2012, do 27 de decembro, de medidas fiscais para a sustentabilidade enerxética», poderase xerar crédito ata un límite no crédito final de 1.000 millóns de euros.

2. A autorización das xeracións de crédito a que se refire o punto anterior e dos correspondentes suplementos de crédito no orzamento da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia realizarase por acordo do titular do Ministerio de Facenda.

3. Con vixencia exclusiva para os orzamentos xerais do Estado de aplicación no exercicio de 2020, o emprego dos ingresos procedentes das poxas de dereitos de emisión de gases de efecto invernadoiro, previsto na disposición adicional quinta da Lei 17/2012, do 27 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2013, destinarase cos límites do 10 por cento da recadación total e ata un máximo de 100.000,00 miles de euros para outras actuacións de loita contra o cambio climático.

Disposición adicional décimo primeira. *Convenios de colaboración entre as entidades xestoras da Seguridade Social, as comunidades autónomas e o Instituto Nacional de Xestión Sanitaria para o control e seguimento da incapacidade temporal.*

Nos convenios de colaboración que formalicen as entidades xestoras da Seguridade Social coas comunidades autónomas e co Instituto Nacional de Xestión Sanitaria para o control e seguimento da incapacidade temporal poderá preverse o anticipo de ata a contía total do importe previsto no respectivo convenio para o financiamento das actuacións que van desenvolver as comunidades autónomas e o Instituto Nacional de Xestión Sanitaria.

Para estes efectos, con carácter previo á formalización dos convenios a que se refire o parágrafo anterior, requirirase a autorización do Consello de Ministros. Con esta finalidade, o titular do Ministerio de Inclusión, Seguridade Social e Migracións, logo de informe do Ministerio de Facenda, elevará a oportuna proposta ao Consello de Ministros.

Non será de aplicación, para o caso exclusivo destes convenios, o disposto no número 1 do artigo 47 da Lei xeral orzamentaria, no que se refire á necesidade de iniciar a execución do gasto no propio exercicio en que se adquire o compromiso do gasto.

Disposición derogatoria. *Derogación normativa*

Quedan derogadas cantas disposicións incluídas en normas de igual ou inferior rango se opoñan ao disposto neste real decreto lei.

Disposición derradeira primeira. *Modificación do Real decreto lei 11/2020, do 31 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes complementarias no ámbito social e económico para facer fronte ao COVID-19.*

Modifícase número 2 do artigo 20 do Real decreto lei 11/2020, do 31 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes complementarias no ámbito social e económico para facer fronte ao COVID-19, que queda redactado nos seguintes termos:

«2. Para a aplicación do superávit á política de gasto 23 nos termos regulados no artigo 1 do Real decreto lei 8/2020, do 17 de marzo, a modificación orzamentaria de crédito extraordinario para habilitar crédito ou de suplemento de créditos que deba aprobarse tramitárase por decreto ou resolución do presidente da corporación local sen que lle sexan de aplicación as normas sobre reclamación e publicidade dos orzamentos a que se refire o artigo 169 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo.

Tales decretos ou resolucións serán obxecto de validación no primeiro pleno posterior que se celebre, para o que se exixirá o voto favorable dunha maioría simple e a posterior publicación no boletín oficial correspondente.

A falta de validación plenaria non terá efectos anulatorios nin suspensivos do decreto aprobado, sen prexuízo da posibilidade de acudir á vía contencioso-administrativa, para o que o cómputo de prazos se producirá a partir da data de publicación do acordo plenario.»

Disposición derradeira segunda. *Modificación do texto refundido da Lei do imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1993, do 24 de setembro.*

Modifícase o número 30 do artigo 45.I.B) do texto refundido da Lei do imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1993, do 24 de setembro, que queda redactado do seguinte modo:

«30. As escrituras de formalización das moratorias de préstamos e créditos hipotecarios e de arrendamentos, préstamos, *leasing* e *renting* sen garantía hipotecaria que se produzan en aplicación da moratoria hipotecaria para o sector turístico, regulada nos artigos 3 a 9 do Real decreto lei 25/2020, do 3 de xullo, de medidas urxentes para apoiar a reactivación económica e o emprego, e da moratoria para o sector do transporte público de mercadorías e discrecional de viaxeiros en autobús, regulada nos artigos 18 ao 23 do Real decreto lei 26/2020, do 7 de xullo, de medidas de reactivación económica para facer fronte ao impacto do COVID-19 nos ámbitos de transportes e vivenda.»

Disposición derradeira terceira. *Modificación da disposición transitoria primeira da Lei 13/2011, do 27 de maio, de regulación do xogo.*

Modifícase o primeiro parágrafo da disposición transitoria primeira da Lei 13/2011, do 27 de maio, de regulación do xogo, que queda redactado do seguinte modo:

«As competencias previstas para a Comisión Nacional do Xogo serán exercidas pola Dirección Xeral de Ordenación do Xogo, do Ministerio de Consumo, salvo as relacionadas coa xestión e recadación das taxas a que se refire o artigo 49 desta lei, que serán exercidas pola Axencia Estatal de Administración Tributaria.»

Disposición derradeira cuarta. *Modificación da Lei 59/2003, do 19 de decembro, de sinatura electrónica.*

Engádesse un novo número 6 ao artigo 13 da Lei 59/2003, do 19 de decembro, de sinatura electrónica, co seguinte teor:

«6. Por orde da persoa titular do Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital determinaranse as condicións e os requisitos técnicos aplicables á verificación da identidade e, se procede, outros atributos específicos da persoa solicitante dun certificado cualificado, mediante outros métodos de identificación que acheguen unha seguridade equivalente en termos de fiabilidade á presenza física.»

Disposición derradeira quinta. *Modificación da Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos.*

A Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos, queda modificada como segue:

Un. Engádesse o seguinte parágrafo ao final do artigo 58, epígrafe a):

«Os xestores de rede de transporte poderán manter e realizar acordos técnicos sobre cuestións relativas á xestión de gasodutos de transporte entre España e países non pertencentes á Unión Europea, sempre que os ditos acordos sexan compatibles coa normativa do mercado interior de gas natural e coas circulares e resolucións da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia. Os ditos acordos deberán ser notificados á Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia.»

Dous. O número 1 do artigo 63 quáter queda modificado como segue:

«1. As empresas propietarias de instalacións da rede troncal de gasodutos que non cumpran os requisitos de separación de actividades establecidos no artigo 63.3, e que con anterioridade ao 3 de setembro de 2009 fosen propietarias das ditas instalacións, así como as que con anterioridade ao 23 de maio de 2019 fosen propietarias de instalacións de interconexión con países non membros da Unión Europea, poderán optar por ceder a xestión deles a un xestor de rede independente.

Para estes efectos, propoñerán un xestor de rede independente entre as empresas que obtivesen a certificación de cumprimento dos requisitos de separación de actividades de transporte e solicitarán a súa aprobación ao titular do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico. A dita designación estará supeditada á aprobación da Comisión Europea e poderá ser denegada en caso de que o xestor de rede independente non cumpra algún dos requisitos establecidos na presente lei e na súa normativa de desenvolvemento.»

Tres. O artigo 71 queda redactado nos seguintes termos:

«1. Poderá solicitarse a exención da obriga de acceso de terceiros a que se refire o número 6 do artigo 70, sempre que cumpran as seguintes condicións:

a) O investimento debe reforzar a competencia na subministración de gas e potenciar a seguridade de subministración.

b) O nivel de risco inherente ao investimento é tal que este non se levaría a cabo de non se conceder a exención.

c) A infraestrutura será propiedade dunha entidade distinta, polo menos na personalidade xurídica, dos transportistas en cuxas redes vaia construírse a infraestrutura.

d) Cobraranse canons aos usuarios da infraestrutura.

e) A exención non debe ser prexudicial para a competencia nos mercados pertinentes que probablemente se verán afectados polo investimento, nin para o funcionamento efectivo do mercado interior do gas natural da Unión, nin tampouco para o funcionamento eficiente das redes reguladas afectadas ou para a seguridade de subministración de gas natural dentro da Unión.

A exención do acceso de terceiros poderá referirse á totalidade ou parte da capacidade da nova infraestrutura ou da infraestrutura existente cuxa capacidade se aumenta.

2. Para estes efectos, o titular da instalación solicitará a exención ao Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, que requirirá un informe previo da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia.

A Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia remitirá á Comisión Europea copia das solicitudes de exención recibidas e analizará cada caso en particular, tomando en consideración, entre outros aspectos, a capacidade adicional que se vaia construír ou a modificación da capacidade existente, o prazo previsto do proxecto e as circunstancias do sector gasista. No seu informe, a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia propoñerá condicións en relación coa duración da exención e o acceso non discriminatorio á infraestrutura.

Así mesmo, no seu informe, a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia propoñerá as normas e os mecanismos de xestión e asignación da capacidade. En todo caso, realizarase unha consulta previa a todos os posibles usuarios en relación co seu interese por contratar a nova capacidade antes de efectuar a súa asignación, incluíndo a capacidade para uso propio. Os resultados da dita consulta previa serán tidos en conta pola Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia na avaliación do cumprimento dos criterios establecidos no número 1 do presente artigo.

A capacidade non utilizada deberá ser ofrecida no mercado de forma transparente, obxectiva e non discriminatoria, e os usuarios da infraestrutura terán dereito a vender a capacidade contratada no mercado secundario.

3. A Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, antes da adopción do seu informe final sobre a exención, consultará:

- a) as autoridades reguladoras nacionais dos Estados membros cuxos mercados probablemente se verán afectados pola nova infraestrutura, e
- b) as autoridades competentes de terceiros países, cando a infraestrutura en cuestión estea conectada coa rede da Unión Europea baixo a xurisdición dun Estado membro, e teña a súa orixe ou fin nun ou máis países non pertencentes á Unión Europea.

Cando as autoridades consultadas do terceiro país non respondan a consulta no prazo de dous meses, a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia poderá continuar coa tramitación da exención.

A Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia elevará o informe xunto con toda a documentación que conste no expediente ao titular do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, que resolverá mediante orde que será publicada no «Boletín Oficial del Estado». Así mesmo, publicarase a dita orde xunto co informe adoptado pola Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia no sitio da internet do dito organismo

4. A orde de exención será notificada á Comisión Europea xunto con toda a información pertinente relacionada con ela, para os efectos do artigo 36.9 da Directiva 2009/73/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 13 de xullo, e, se é o caso, adaptarse ou revogarase, segundo sexa a decisión que adopte a Comisión en virtude do citado artigo.

5. A decisión de exención aprobada pola Comisión Europea deixará de ter efectos aos dous anos da súa aprobación se, para entón, non se iniciou a

construción da infraestrutura, e aos cinco anos da súa aprobación se, para entón, a infraestrutura non estivese operativa, a menos que a Comisión Europea decida que os atrasos están motivados.

6. Naqueles casos en que a infraestrutura para a que se solicitou a exención se encontre situada no territorio de máis dun Estado membro da Unión Europea, observárase o disposto no artigo 36.4 da Directiva 2009/73/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 13 de xullo.»

Catro. Inclúese un novo artigo 71.bis coa seguinte redacción:

«Artigo 71 bis. *Exencións relativas aos gasodutos de transporte con destino ou orixe en países non pertencentes á Unión Europea.*

1. Os gasodutos de transporte con destino ou orixe en países non pertencentes á Unión Europea cuxa construción se finalizase con anterioridade ao 23 de maio de 2019 poderán quedar exceptuados do establecido nos artigos 63.3, 63 bis, 63 ter e 70 da Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos, durante un período máximo de 20 anos prorrogables en casos debidamente xustificadas, conforme o previsto no número 3.

2. Os titulares dos gasodutos de transporte con destino ou orixe en países non pertencentes á Unión Europea poderán solicitar a exención referida no punto primeiro ao titular do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, sempre e cando se xustifique por razóns obxectivas como permitir a recuperación do investimento realizado, por motivos de seguridade da subministración, o funcionamento efectivo do mercado interior do gas na Unión Europea e cando a exención non sexa prexudicial para a competencia.

3. O titular do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico resolverá, logo do informe da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia en relación co eventual impacto sobre a competencia ou o funcionamento efectivo do mercado interior do gas na Unión Europea, outorgando ou denegando a exención en función da verificación do cumprimento das razóns obxectivas mencionadas no parágrafo anterior. A resolución da prórroga de exención poderá establecer limitacións que contribúan á consecución dos obxectivos citados.

4. A exención establecida nos puntos precedentes non implica a inclusión das instalacións no réxime retributivo do sector de gas natural.

A capacidade non utilizada deberá ser ofrecida no mercado de forma transparente, obxectiva e non discriminatoria, e os usuarios das infraestruturas terán dereito a vender a capacidade contratada no mercado secundario.

5. Os titulares das instalacións exceptuadas nesta disposición deberán remitir á Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, e ao Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, un informe anual co detalle da utilización da capacidade de gasoduto durante o ano natural inmediatamente anterior, as empresas que accederon ás instalacións coas cantidades transportadas por cada unha delas, os prezos de acceso, así como calquera outra información que os citados organismos soliciten. O dito informe deberá remitirse antes da finalización do primeiro trimestre de cada ano.

Transcorridos dous anos do outorgamento da exención, os titulares das instalacións exceptuadas nesta disposición deberán remitir ao Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico un calendario de actuacións para garantir o pleno cumprimento do establecido nos artigos 63.3, 63 bis, 63 ter e 70 da Lei 34/1998, do 7 de outubro, antes de que finalice o período da exención.

6. Os titulares das instalacións deberán levar contas separadas das actividades de transporte e comercialización e incluírán as contas no informe anual a que fai referencia o punto anterior.»

Cinco. Engádesse unha nova disposición adicional á Lei 34/1998, do 7 de outubro, coa seguinte redacción:

«Disposición adicional trixésimo sétima. *Acordos con países non pertencentes á Unión Europea en relación cos gasodutos de transporte.*

Nas negociacións entre España e países non pertencentes á Unión Europea, relativas á modificación, ampliación ou realización de acordos concernentes á xestión de gasodutos de transporte sobre asuntos que recaian no ámbito de aplicación da Directiva 2009/73/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 13 de xullo, actuarase de conformidade co disposto no artigo 49 ter da citada directiva.»

Disposición derradeira sexta. *Modificación da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.*

Modifícase a disposición derradeira sétima da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, que queda redactada como segue:

«Disposición derradeira sétima. *Entrada en vigor.*

A presente lei entrará en vigor ao ano da súa publicación no “Boletín Oficial del Estado”.

Non obstante, as previsións relativas ao rexistro electrónico de apoderamentos, rexistro electrónico, rexistro de empregados públicos habilitados, punto de acceso xeral electrónico da Administración e arquivo único electrónico producirán efectos a partir do día 2 de abril de 2021.»

Disposición derradeira sétima. *Modificación da Lei 3/2013, do 4 de xuño, de creación da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia.*

A Lei 3/2013, do 4 de xuño, de creación da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, queda modificada como segue:

Un. O número 3 da disposición adicional segunda queda redactado do seguinte modo:

«3. As referencias contidas en calquera norma do ordenamento xurídico á Comisión Nacional do Xogo entenderanse realizadas á Dirección Xeral de Ordenación do Xogo do Ministerio de Consumo, que a substitúe e asume as súas competencias, nos termos previstos na disposición adicional décima.»

Dous. A disposición adicional décima queda redactada do seguinte modo:

«Disposición adicional décima. *Funcións que asumen a Dirección Xeral de Ordenación do Xogo do Ministerio de Consumo e a Axencia Estatal de Administración Tributaria en materia de xogo.*

A Dirección Xeral de Ordenación do Xogo do Ministerio de Consumo asumirá o obxecto, as funcións e as competencias que a Lei 13/2011, do 27 de maio, de regulación do xogo, lle atribúe á extinta Comisión Nacional do Xogo, salvo as relacionadas coa xestión e recadación das taxas a que se refire o artigo 49 da dita lei, que serán exercidas pola Axencia Estatal de Administración Tributaria.»

Disposición derradeira oitava. *Modificación do Real decreto lei 25/2020, do 3 de xullo, de medidas urxentes para apoiar a reactivación económica e o emprego.*

Modifícase o Real decreto lei 25/2020, do 3 de xullo, de medidas urxentes para apoiar a reactivación económica e o emprego, nos seguintes termos:

Un. Modifícase o número 1 do artigo 44, que queda redactado como segue:

«1. Para a xestión das subvencións poderán intervir unha ou varias entidades colaboradoras, que deberán cumprir os requisitos e as obrigas e desempeñar as funcións establecidas nos artigos 13 e 15 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, e serán seleccionadas conforme o disposto no artigo 16 da dita lei. En caso de seleccionar entidade colaboradora, poderán actuar como tal unicamente as entidades públicas empresariais e as sociedades mercantís estatais. A entidade colaboradora entregará e distribuirá os fondos orzamentarios dos pagamentos aos beneficiarios.»

Dous. Modifícase o número 4 do artigo 46, que queda redactado como segue:

«4. Con posterioridade a ditar a resolución de concesión, procederáse ao pagamento da axuda ao beneficiario por unha contía que deberá coincidir co indicado na solicitude. Os pagamentos realizaranse mediante transferencia a unha conta bancaria indicada polo beneficiario no cuestionario de solicitude.»

Tres. Modifícase a letra d) do artigo 47, que queda redactada como segue:

«d) O beneficiario da axuda deberá manter a titularidade do vehículo e a súa matriculación en España, cando menos, durante dous anos desde o momento da concesión da subvención, agás para operacións de *renting*, para as cales o contrato de arrendamento deberá establecer unha duración mínima de dous anos desde a data da súa entrada en vigor e a súa formalización terá data igual ou posterior ao 15 de xuño de 2020.»

Catro. Modifícase o primeiro parágrafo da disposición adicional primeira, que queda redactado como segue:

«Apróbase a concesión dun crédito extraordinario por importe total de 250 millóns de euros no Ministerio de Industria, Comercio e Turismo, aplicación orzamentaria 20.09.422B.741 “Plan Renove, dentro do Plan de impulso da cadea de valor da industria da automoción”.»

Disposición derradeira novena. *Modificación da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria.*

Engádesse unha nova alínea, a h), ao número 2 do artigo 54 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, coa seguinte redacción:

«h) Os destinados ao sistema de protección por cesamento de actividade.»

Disposición derradeira décima. *Modificación do Real decreto lei 6/2020, do 10 de marzo, polo que se adoptan determinadas medidas urxentes no ámbito económico e para a protección da saúde pública.*

O artigo quinto do Real decreto lei 6/2020, do 10 de marzo, polo que se adoptan determinadas medidas urxentes no ámbito económico e para a protección da saúde pública, queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo quinto. *Consideración excepcional como situación asimilada a accidente de traballo dos períodos de illamento, contaxio ou restrición nas saídas do municipio onde teñan o domicilio ou o seu centro de traballo as persoas traballadoras como consecuencia do virus COVID-19.*

1. Co obxecto de protexer a saúde pública, consideraranse, con carácter excepcional, situación asimilada a accidente de traballo, exclusivamente para a prestación económica de incapacidade temporal do sistema da Seguridade Social,

aqueles períodos de illamento ou contaxio das persoas traballadoras provocados polo virus COVID-19, salvo que se probe que o contaxio da enfermidade se contraeu con causa exclusiva na realización do traballo nos termos que sinala o artigo 156 do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto legislativo 8/2015, do 30 de outubro, caso en que será cualificada como accidente de traballo.

Co mesmo carácter excepcional, con efectos desde o inicio da situación de restrición da saída ou entrada a un municipio, e mediante o correspondente parte de baixa, estenderase esta protección a aqueles traballadores que se vexan obrigados a desprazarse de localidade para prestar servizos nas actividades non afectadas polo Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, sempre que a autoridade competente acordase restrinxir a saída, ou a entrada, de persoas do municipio onde os ditos traballadores teñan o seu domicilio, ou onde a empresa teña o seu centro de traballo no caso de que o traballador teña o seu domicilio noutro municipio, e a autoridade competente lles denegase de forma expresa a posibilidade de desprazarse, non poidan realizar o seu traballo de forma telemática por causas non imputables á empresa para a cal prestan os seus servizos ou ao propio traballador e non teñan dereito a percibir ningunha outra prestación pública.

A acreditación do acordo de restrición da poboación onde o traballador ten o seu domicilio ou a empresa o seu centro de traballo e a denegación da posibilidade de desprazamento realizarase mediante certificación expedida polo concello do domicilio ou, se é o caso, polo do centro de traballo afectado pola restrición ante o correspondente órgano do servizo público de saúde. De igual forma, a imposibilidade de realización do traballo de forma telemática acreditarase mediante unha certificación da empresa ou unha declaración responsable no caso dos traballadores por conta propia ante o mesmo órgano do servizo público de saúde.

No suposto de traballadores por conta allea que tivesen o domicilio en distinto municipio ao do centro de traballo, ademais do previsto no parágrafo anterior, requirirase acreditar:

- a) O domicilio do traballador mediante o correspondente certificado de empadramento.
- b) Que o traballador desenvolve o seu traballo no centro sito no municipio afectado pola restrición, mediante a correspondente certificación da empresa.
- c) Que a empresa non pechou o centro de traballo, mediante a correspondente certificación da empresa.

2. A duración desta prestación excepcional virá determinada polo parte de baixa e a correspondente alta.

Sempre que a autoridade competente acordase, con anterioridade á entrada en vigor do Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, restrinxir as saídas ou as entradas do municipio onde teñan o domicilio ou en que teña o centro de traballo a empresa en que prestan os seus servizos, de tratarse das persoas traballadoras por conta allea a que se refire o artigo 1 do Real decreto lei 10/2020, do 29 de marzo, polo que se regula un permiso retribuído recuperable para as persoas traballadoras por conta allea que non presten servizos esenciais, co fin de reducir a mobilidade da poboación no contexto da loita contra o COVID-19, expedirase un parte de baixa con efectos desde a data de inicio da restrición e un parte de alta con efectos do 29 de marzo de 2020.

De tratarse de traballadores por conta propia ou autónomos, cando a restrición adoptada con anterioridade á entrada en vigor do Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, restrinxise a súa saída do municipio onde teñan o seu domicilio ou, tendo o seu domicilio noutro, visen restrinxida a entrada no municipio impedíndolles totalmente a realización da súa actividade, o dereito á prestación comezará co parte de baixa

desde a data de inicio da restrición e durará ata a data de finalización desta, e non poderá, en ningún caso, durar máis alá da data de finalización do estado de alarma.

Este subsidio por incapacidade temporal é incompatible cos salarios que se percibisen, así como co dereito a calquera outra prestación económica da Seguridade Social, incluída a incapacidade temporal por continxencias comúns ou profesionais. Nestes supostos percibirase a prestación da Seguridade Social distinta ao subsidio previsto no presente artigo.

Para os efectos do previsto no parágrafo anterior, o traballador deberá presentar ante o correspondente órgano do servizo público de saúde certificación da empresa acreditativa da non percepción de salarios.

3. Poderá causar dereito a esta prestación a persoa traballadora por conta propia ou allea que se encontre na data do feito causante en situación de alta en calquera dos réximes da Seguridade Social.

4. A data do feito causante será a data en que se acorde o illamento, restrición ou enfermidade do traballador, sen prexuízo de que o parte de baixa se expida con posterioridade a esa data».

Disposición derradeira décimo primeira. *Habilitación normativa.*

Autorízase o Goberno e a ministra de Facenda e, se é o caso, o órgano competente por razón da materia do Ministerio de Facenda, no ámbito das súas respectivas competencias, para ditar as disposicións e adoptar as medidas necesarias para a aplicación, a execución e o desenvolvemento do previsto neste real decreto lei.

Disposición derradeira décimo segunda. *Títulos competenciais.*

Este real decreto lei dítase, con carácter xeral, ao abeiro do disposto no artigo 149.1.13.^a e 14.^a da Constitución, que atribúen ao Estado a competencia exclusiva sobre bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica, e facenda xeral e débeda do Estado.

Ademais do sinalado no parágrafo anterior:

A disposición adicional quinta dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.8 da Constitución, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva sobre ordenación dos rexistros e instrumentos públicos.

A disposición adicional sexta e a disposición derradeira quinta dítanse ao abeiro do disposto no artigo 149.1.25.^a da Constitución, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva sobre bases do réxime mineiro e enerxético, respectivamente.

As disposicións adicionais sétima, oitava e décimo primeira, así como as disposicións derradeiras novena e décima, dítanse ao abeiro do disposto no artigo 149.1.17.^a da Constitución, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de lexislación básica e réxime económico da Seguridade Social, sen prexuízo da execución dos seus servizos polas comunidades autónomas.

A disposición adicional novena dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.6.^a da Constitución, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de lexislación mercantil.

A disposición adicional décima dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.23.^a da Constitución, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de lexislación básica sobre protección do ambiente, sen prexuízo das facultades das comunidades autónomas de estableceren normas adicionais de protección e, ademais, os números 1 e 2 dítanse tamén ao abeiro do previsto no artigo 149.1.25.^a da Constitución, de bases do réxime mineiro e enerxético.

A disposición derradeira sexta dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.18.^a da Constitución, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de procedemento administrativo común, sen prexuízo da especialidades derivadas da organización propia das comunidades autónomas.

A disposición derradeira oitava dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.23.^a, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de lexislación básica sobre protección do ambiente, sen prexuízo das facultades das comunidades autónomas de estableceren normas adicionais de protección.

Disposición derradeira décimo terceira. *Incorporación de normas do dereito da Unión Europea.*

Mediante este real decreto lei complétase a incorporación ao ordenamento xurídico español da Directiva 2019/692 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de abril, pola que se modifica a Directiva 2009/73/CE sobre normas comúns para o mercado interior de gas natural.

Disposición derradeira décimo cuarta. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto lei entrará en vigor o día da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado», sen prexuízo do establecido na súa disposición adicional cuarta.

Dado en Madrid o 4 de agosto de 2020.

FELIPE R.

O presidente do Goberno,
PEDRO SÁNCHEZ PÉREZ-CASTEJÓN

ANEXO

Relación de bens a que se refire a disposición adicional cuarta

	Nome do produto	Descrición do ben/produto	Código NC
1	Dispositivos médicos.	Respiradores para cuidados intensivos e subintensivos.	ex 9019 20 00
		Ventiladores (aparatos para a respiración artificial). Divisores de fluxo.	ex 9019 20 00 ex 9019 20
		Outros aparatos de oxixenoterapia, incluídas as tendas de oxixeno.	ex 9019 20 00
		Oxixenación por membrana extracorpórea.	ex 9019 20 00
2	Monitores.	Monitores multiparámetro, incluídas versións portátiles.	ex 8528 52 91
			ex 8528 52 99
			ex 8528 59 00 ex 8528 52 10
3	Bombas.	<ul style="list-style-type: none"> - Bombas peristálticas para nutrición externa. - Bombas infusión medicamentos. - Bombas de succión. 	ex 9018 90 50
			ex 9018 90 84
			ex 8413 81 00
		Sondas de aspiración.	ex 9018 90 50
4	Tubos.	Tubos endotraqueais.	ex 9018 90 60
			ex 9019 20 00
		Tubos estériles.	ex 3917 21 10 a ex 3917 39 00
5	Cascos.	Cascos ventilación mecánica non invasiva CPAP/NIV.	ex 9019 20 00
6	Máscaras para ventilación non invasiva (NIV).	Máscaras de rostro completo e oronasais para ventilación non invasiva.	ex 9019 20 00
7	Sistemas/máquinas de succión.	Sistemas de succión.	ex 9019 20 00
		Máquinas de succión eléctrica.	ex 9019 20 00 ex 8543 70 90
8	Humidificadores.	Humidificadores.	ex 8415
			ex 8509 80 00
			ex 8479 89 97
9	Laringoscopios.	Laringoscopios.	ex 9018 90 20
10	Subministracións médicas funxibles.	<ul style="list-style-type: none"> - Kits de intubación. - Tesoiras laparoscópicas. 	ex 9018 90
		Xiringas, con ou sen agulla.	ex 9018 31
		Agullas metálicas tubulares e agullas para suturas.	ex 9018 32
		Agullas, catéteres, cánulas.	ex 9018 39
		Kits de acceso vascular.	ex 9018 90 84

	Nome do produto	Descrición do ben/produto	Código NC
11	Estacións de monitorización Aparellos de monitorización de doentes - Aparellos de electrodiagnóstico.	Estacións centrais de monitorización para cuidados intensivos. Oxímetros de pulso.	ex 9018 90 ex 9018 19
		- Dispositivos de monitorización de doentes. - Aparellos de electrodiagnóstico.	ex 9018 19 10 ex 9018 19 90
12	Escáner de ultrason portátil.	Escáner de ultrason portátil.	ex 9018 12 00
13	Electrocardiógrafos.	Electrocardiógrafos.	ex 9018 11 00
14	Sistemas de tomografía computerizada/escáneres.	Sistemas de tomografía computerizada.	ex 9022 12, ex 9022 14 00
15	Máscaras.	-Máscaras faciais téxtiles, sen filtro substituíble nin pezas mecánicas, incluídas as máscaras cirúrxicas e as máscaras faciais dun só uso fabricadas con material téxtil non tecido. -Máscaras faciais FFP2 e FFP3.	ex 6307 90 10 ex 6307 90 98
		Máscaras cirúrxicas de papel.	ex 4818 90 10 ex 4818 90 90
		Máscaras de gas con pezas mecánicas ou filtros substituíbles para a protección contra axentes biolóxicos. Tamén inclúe máscaras que incorporen protección ocular ou escudos faciais.	ex 9020 00 00
16	Luvas.	Luvas de plástico.	ex 3926 20 00
		Luvas de goma cirúrxicas.	4015 11 00
		Outras luvas de goma.	ex 4015 19 00
		Luvas de calcetaría impregnadas ou cubertas de plástico ou goma.	ex 6116 10
		Luvas téxtiles distintas ás de calcetaría.	ex 6216 00
17	Proteccións faciais.	- Protectores faciais dun só uso e reutilizables. - Protectores faciais de plástico (que cubran unha superficie maior que a ocular).	ex 3926 20 00 ex 3926 90 97
18	Lentes.	Lentes de protección grandes e pequenas (googles).	ex 9004 90 10 ex 9004 90 90

	Nome do produto	Descrición do ben/produto	Código NC
19	Fundas. Batas impermeables - diversos tipos - diferentes tamaños. Pezas de roupa de protección para uso cirúrxico/médico de feltro ou tea sen tecer, mesmo impregnadas, recubertas, revestidas ou laminadas (tecidos das partidas 56.02 ou 56.03).	Roupa (incluíndo luvas, mitóns e manoplas) multiúso, de goma vulcanizada.	ex 4015 90 00
		Pezas de roupa.	ex 3926 20 00
		Roupa e accesorios.	ex 4818 50 00
		Pezas de roupa confeccionadas con tecido de punto das partidas 5903, 5906 ou 5907.	ex 6113 00 10 ex 6113 00 90
		Outras pezas de roupa con tecido de calcetaría.	6114
		Pezas de roupa de protección para uso cirúrxico/médico feitas con feltro ou tea sen tecer, impregnadas ou non recubertas, revestidas ou laminadas (tecidos das partidas 56.02 ou 56.03). Inclúe as pezas de materiais non tecidos («spun-bonded»).	ex 6210 10
		Outras pezas de roupa de protección feitas con tecidos cauchutados ou impregnados, recubertos, revestidos ou laminados (tecidos das partidas 59.03, 59.06 ou 59.07).	ex 6210 20 ex 6210 30 ex 6210 40 ex 6210 50
20	Cobertores de calzado/calzas.	Cobertores de calzado/calzas.	ex 3926 90 97
			ex 4818 90
			ex 6307 90 98
21	Gorros.	Gorras de picos.	ex 6505 00 30
		Gorros e outras proteccións para a cabeza e redes de calquera material.	ex 6505 00 90
		Os restantes gorros e proteccións para a cabeza, forrados/axustados, ou non.	ex 6506
22	Termómetros.	Termómetros de líquido para lectura directa Inclúe os termómetros clínicos estándar de «mercurio en vidro».	ex 9025 11 20 ex 9025 11 80
		Termómetros dixitais, ou termómetros infravermellos para medición sobre a fronte.	ex 9025 19 00
		Xabón e produtos orgánicos tensioactivos e preparados para o lavado de mans (xabón de toucador).	ex 3401 11 00 ex 3401 19 00
23	Xabón para o lavado de mans.	Xabón e produtos orgánicos tensioactivos Xabón noutras formas.	ex 3401 20 10 ex 3401 20 90
		Axentes orgánicos tensioactivos (distintos do xabón) - Catiónicos.	ex 3402 12
		Produtos e preparacións orgánicos tensioactivos para o lavado da pel, en forma de líquido ou crema e preparados para a venda polo miúdo, que conteñan xabón ou non.	ex 3401 30 00
		Dispensadores de desinfectante para mans instalables en parede.	ex 8479 89 97

	Nome do produto	Descrición do ben/produto	Código NC
25	Solución hidroalcohólica en litros.	2207 10: sen desnaturalizar, con Vol. alcohol etílico do 80 % ou máis.	ex 2207 10 00
		2207 20: desnaturalizado, de calquera concentración.	ex 2207 20 00
		2208 90: sen desnaturalizar, con Vol. Inferior ao 80 % de alcohol etílico.	ex 2208 90 91 ex 2208 90 99
26	Peróxido de hidróxeno ao 3 % en litros. Peróxido de hidróxeno incorporado a preparados desinfectantes para a limpeza de superficies.	Peróxido de hidróxeno, solidificado ou non con urea.	ex 2847 00 00
		Peróxido de hidróxeno a granel.	
		Desinfectante para mans.	ex 3808 94
		Outros preparados desinfectantes.	
27	Sistemas de transporte de emerxencia.	Transporte para persoas con discapacidade (cadeiras de rodas).	ex 8713
		Padiolas e carriños para o traslado de doentes dentro dos hospitais ou clínicas.	ex 9402 90 00
28	Extractores ARN.	Extractores ARN.	9027 80
29	Kits de probas para o COVID-19 / Instrumental e aparellos utilizados nas probas diagnósticas.	– Kits de proba diagnóstica do coronavirus. – Reactivos de diagnóstico baseados en reaccións inmunolóxicas. – Equipamento de hisopos e medio de transporte viral.	ex 3002 13 00 ex 3002 14 00 ex 3002 15 00 ex 3002 90 90 ex 3821 00
		Reactivos de diagnóstico baseados na reacción en cadea da polimerasa (PCR) proba do ácido nucleico.	ex 3822 00 00
		Instrumental utilizado nos laboratorios clínicos para o diagnóstico in vitro.	ex 9027 80 80
		Kits para mostras.	ex 9018 90 ex 9027 80
30	Hisopos.	Guata, gasa, vendas, bastoncillos de algodón e artigos similares.	ex 3005 90 10
			ex 3005 90 99
31	Material para a instalación de hospitais de campaña.	Camas hospitalarias.	ex 9402 90 00
		Carpas/tendas de campaña.	ex 6306 22 00, ex 6306 29 00
		Carpas/tendas de campaña de plástico.	ex 3926 90 97
32	Medicinas.	– Peróxido de hidróxeno con presentación de medicamento paracetamol. – Hidroxicloroquina/cloroquina. – Lopinavir/Ritonavir – Remdesivir. – Tocilizumab. – Ruxolitinib.	ex 3003 90 00 ex 3004 90 00 ex 2924 29 70 ex 2933 49 90 ex 3003 60 00 ex 3004 60 00 ex 2933 59 95 ex 2934 10 00 ex 2934 99 90 ex 3002 13 00 ex 3002 14 00 ex 3002 15 00 ex 2933 59 95

	Nome do produto	Descrición do ben/produto	Código NC
33	Esterilizadores médicos, cirúrxicos ou de laboratorio.	Esterilizadores médicos, cirúrxicos ou de laboratorio.	ex 8419 20 00 ex 8419 90 15
34	1- propanol (alcohol propílico) e 2 - propanol (alcohol isopropílico).	1- propanol (alcohol propílico) e 2 - propanol (alcohol isopropílico).	ex 2905 12 00
35	Éteres, éteres-alcohois, éteres fenois, éteres-alcohol-fenois, peróxidos de alcohol, outros peróxidos, peróxidos de cetona.	Éteres, éteres-alcohois, éteres fenois, éteres-alcohol-fenois, peróxidos de alcohol, outros peróxidos, peróxidos de cetona.	ex 2909
36	Ácido fórmico.	Ácido fórmico (e sales derivados).	ex 2915 11 00 ex 2915 12 00
37	Ácido salicílico.	Ácido salicílico e sales derivados.	ex 2918 21 00
38	Panos dun só uso feitos de tecidos da partida 5603, do tipo utilizado durante os procedementos cirúrxicos.	Panos dun só uso feitos de tecidos da partida 5603, do tipo utilizado durante os procedementos cirúrxicos.	6307 90 92
39	Teas non tecidas, estean ou non impregnadas, recubertas, revestidas ou laminadas.	Teas non tecidas, estean ou non impregnadas, recubertas, revestidas ou laminadas.	ex 5603 11 10 a
			ex 5603 94 90
40	Artigos de uso cirúrxico, médico ou hixiénico, non destinados á venda polo miúdo.	Cobertores de cama de papel.	ex 4818 90
41	Cristalaría de laboratorio, hixiénica ou farmacéutica.	Cristalaría de laboratorio, hixiénica ou farmacéutica, tanto se están calibrados ou graduados ou non.	ex 7017 10 00
			ex 7017 20 00
			ex 7017 90 00
42	Fluxímetro, fluxómetro de tubo Thorpe para subministraren oxíxeno 0-15 L/MIN.	O fluxómetro de tubo Thorpe está composto de portos de entrada e saída, un regulador, unha válvula e un tubo de medición cónico transparente. Serve para conectalo con varias fontes de gases médicos, como un sistema centralizado, cilindros (bombonas), concentradores ou compresores. Versións de fluxímetro (fluxómetro) ordinario (absoluto, non compensado) e de presión compensada, axeitadas para rangos de fluxo específicos.	ex 9026 80 20 ex 9026 80 80 ex 9026 10 21 ex 9026 10 81
43	Detector de CO2 colorimétrico de expiración.	Tamaño compatible co tubo endotraqueal de nenos e adulto. Dun só uso.	ex 9027 80
44	Película ou placas de raios X.	Plana sensibilizada e sen impresionar.	ex 3701 10 00
		En rolos. Sensibilizada e sen impresionar.	ex 3702 10 00